



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 15 DE XANEIRO DE 2009**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña.Laura Miguez Pérez
Dña.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a quince de xaneiro de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES.

Acta de 24 de novembro 2008.

Acta de 18 de decembro 2008.

Sométense a aprobación polo Sr.Alcalde as actas correspondentes ós días 24 de novembro e 18 de decembro de 2008, resultando aprobadas por unanimidade.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

2.-APROBACION, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL ANO 2007.

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**.

SRA.INTERVENTORA.- Una vez dictaminada favorablemente la Cuenta general en sesión de la Comisión Especial de Cuentas el 31 de octubre pasado y publicada en el BOP, y transcurrido el plazo de exposición pública sin que se presentaran reclamaciones, se eleva al Pleno la Conta Xeral del ejercicio 2007 para su aprobación y posterior remisión al Consello de Contas de conformidad con lo establecido en la Ley de Haciendas Locales. Los datos recogidos en dicha Cuenta son los establecidos en la Liquidación del ejercicio de la cual se dió cuenta ya en marzo de 2008.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 8 abstencións (6, PSOE, 2, BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

- APROBAR A CONTA XERAL DO ANO 2007.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA DEROGACION DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA EMISION E RECEPCION DE RUIDOS, VIBRACIONES E CONDICIONS DOS LOCAIS.

O Sr.Alcalde cede a palabra á Concelleira de Urbanismo, Sra.Simons.

SRA.SIMONS, PP.- Buenos días a todos y feliz año.

Procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Visto informe del arquitecto técnico municipal de 20 de noviembre de 2008 que a continuación se transcribe”

- 1. *Mediante el presente informe, se realiza propuesta para la derogación de la “Ordenanza general municipal reguladora de la emisión y recepción de ruidos, vibraciones y condiciones de los locales”, publicada en el BOP con nº187, siendo de aplicación unicamente la Ley 7/1997, del 11 de agosto, de “Protección contra la contaminación acústica en Galicia”, en tanto en cuanto no se redacta una nueva ordenanza que se ajuste a la realidad normativa y a las características generalistas de los locales y actividades del concello de Baiona.***
- 2. *En sesión plenaria del 15/06/2004 se aprueba la “Ordenanza general municipal reguladora de la emisión y recepción de ruidos, vibraciones y condiciones de los locales”, publicada en el BOP con nº187 y fecha 27/09/04, con aplicación desde el 16/10/2004.***
- 3. *Desde su aprobación han sido numerosos los cambios en las normativas relacionadas y sobre todo en las que ésta hace referencia expresamente.***



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

4. ***Recientemente se aprueba REAL DECRETO 1675/2008, de 17 de octubre, por el que se modifica el Real Decreto 1371/2007, de 19 de octubre, en el que se aprobaba el Documento Básico "DB-HR Protección frente al Ruido", del Código Técnico de la Edificación, y que modifica el Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, por el que se aprobaba el Código Técnico de la Edificación.***

Con esta última aprobación del REAL DECRETO 1675/2008, la obsoleta normativa de aislamiento acústico para las viviendas españolas, la NBE CA-88, no desaparecerá hasta el 24 de abril de 2009, seis meses más tarde de lo previsto, debido a que diferentes agentes del sector de la construcción habían pedido que perdurara un año más, aunque durante este periodo se pueden aplicar indistintamente tanto una como otra.

5. ***La normativa NBE-CA-88, sobre condiciones acústicas en los edificios únicamente regula el aislamiento acústico, dejando otros aspectos también importantes sin regular. En el Código y su documento básico de protección contra el ruido, DB-HR, además del ruido aéreo y de impactos se incluye también la regulación del ruido reverberante excesivo que produce igualmente molestias y provoca en muchos casos la no inteligibilidad de la palabra, circunstancia que en determinados espacios es crucial. Además, se desarrolla con mayor profundidad el capítulo de protección frente al ruido de las instalaciones, mediante la indicación de buenas prácticas constructivas y métodos para minimizar la transmisión de ruido y vibraciones provocados por éstas.***

La manera en que la NBE-CA-88 expresa los valores límite de cumplimiento de las exigencias de aislamiento, no es la más adecuada actualmente, dado que estos límites se establecen en términos de valores verificables en laboratorio de las soluciones constructivas y el aislamiento de los elementos constructivos en proyecto no refleja el comportamiento y el aislamiento real de las soluciones constructivas in situ. Esto tiene el gran inconveniente de no ser una exigencia verificable in situ mediante una medida de aislamiento, derivando en un gran número de litigios y, en definitiva, dejando al usuario desprotegido. Para solucionar este problema, en el DB-HR del CTE se han expresado las exigencias de aislamiento a ruido aéreo y a ruido de impactos mediante parámetros verificables en una medición in situ, y se han aumentado sus niveles de aislamiento.

6. ***Por otra parte, en el Decreto 292/2004, de 18 de noviembre, por el que se aprueba el Catálogo de espectáculos públicos y actividades recreativas de la Comunidad Autónoma de Galicia, se ve modificado por el Decreto 160/2005 del 2 de junio, donde se cambian grupos y categorías de actividades y desaparecen otras, ejemplo de ello es la de café-bar categoría especial, que en este nuevo Decreto no se contempla, mientras que nuestra ordenanza de ruidos sigue haciendo referencia.***
7. ***Actualmente ha entrado en vigor el Decreto 133/2008, de 12 de junio, "Avaliación da incidencia ambiental" que sustituye al Decreto 2.414/1961 "Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas" conocido como RAMINP.***
8. ***En lo que se refiere propiamente a la ordenanza de ruidos, existen deficiencias y carencias que se deberían subsanar para poderla aplicar correctamente, entre las que***



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

destacan, adaptación a las nuevas normativas, las condiciones mínimas de superficie de los locales, la descripción y categorías de las actividades, las zonas de sensibilidad acústica, sistemas de alarma,... “

Es por ello que aras de garantizar la seguridad jurídica en la tramitación de los expedientes relacionados con la ordenanza cuya derogación se propone y siendo de aplicación en tanto en cuanto no se tramite un nuevo reglamento de ruidos, la normativa sectorial, estatal y autonómica vigente en la materia, se propone a los miembros del pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno adoptar el siguiente acuerdo:

1º.- Derogar la Ordenanza general municipal reguladora de la emisión y recepción de ruidos, vibraciones y condiciones de los locales.

2º.- Publicar el acuerdo en el BOP de Pontevedra y tablón de edictos para que los interesados puedan, en su caso, formular reclamaciones.

3º.- Que por parte de los servicios técnicos se redacte un nuevo Reglamento Municipal de Ruidos conforme a la legislación vigente.

SR.LORES, PSOE.- Bós días. Esta Ordenanza que trae hoxe o equipo de goberno para derogar é unha Ordenanza moi importante para Baiona. Baiona é un Concello singular, non é como calquer outro de Pontevedra, ou incluso nin de Galicia; as actividades, as circunstancias que se dan, e que se deron, en Baiona, fan necesaria e imprescindible a continuidade dunha Ordenanza de ruidos; e cando se fixo e se aprobou esta Ordenanza non foi por casualidade senón porque era unha demanda da necesidade que naquel momento existía en Baiona e que os veciños estabamos totalmente desprotexidos contra os ruidos, sobre todo nocturnos; ruidos que estaban fundamentalmente provocados por actividades de hostelería que nós, por suposto, respetamos, e queremos que poidan seguir convivindo en Baiona, non estamos en contra nin das actividades de ocio nin en contra de ninguén, o único que decimos é que ten que regularse e facerse posible a convivencia de todos os cidadáns do noso Concello. Por tanto, esta Ordenanza trataba de regular e de permitir unha serie de actividades que entendíamos, e seguimos entendendo, que son un activo para Baiona; ordenaba, organizaba, e tamén sancionaba, e daba cobertura e seguridade a todos os veciños e veciñas do noso Concello, que neste momento estamos totalmente desprotexidos. Non entendemos porque se trae a derogación desta ordenanza, se elimina a norma, quítase, pásase a unha loita entre todos sen ningunha Ordenanza

propia do Concello que ordene; non entendemos como se trae a este Pleno esta derogación cando o procedemento normal e habitual é modificar aqueles puntos nos que haxa que facélo; é sorprendente e incluso sospeitoso que isto se traia a este Pleno e deste xeito. Tampouco entendemos que vai a pasar con todos os expedientes que están abertos, se isto significa unha amnistía para todos eles, nos gustaría sabélo; non entendemos en que condicións vamos a quedar os veciños que estabamos acollidos a esta Ordenanza que nos daba seguridade; estamos agora desamparados polo goberno municipal; é unha cousa que non entendemos en absoluto; non entendemos que en todos os Concellos de Galicia se trate este tema con moitísima medida, para garantir o descanso, para aminorar a contaminación acústica, para ordenar todas as actividades nas rúas, e que nós, de repente, cando xa o tiñamos ordenado (que había que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

mellorálo, por suposto, pero xa o tiñamos ordenado) nestes momentos nos autodesordenemos; pasamos de reducir os ruídos a que nos obriguen a acostumarnos ós ruídos; nós non estamos por acostumarnos ós ruídos, estamos por regulálos e por unha convivencia pacífica, por unhas normas; ¿qué vai a pasar con todo isto?, ¿qué vacío se da aquí?, ¿cómo van quedar todos estes expedientes?; creo que aquí se debería decir algo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Dende logo se algo de vergonza lles quedaba, presentando esta moción, Sr.Alcalde, perdéronla toda; a verdade é que non me extrana que actúen así, o levan facendo dende que están gobernando, mirando sobre todo para os seus, e digo isto porque cando vostede tomou o bastón da Alcaldía, por segunda vez, dixo que ía ser o Alcalde de todos, e mentíu, mentíu porque a derogación desta ordenanza significa que vostede quere traballar dende a Alcaldía para un grupo de veciños moi concretos; para un grupo de veciños que prefiren a impunidade, prefiren volver atrás, para dese xeito burlar sistemáticamente as leis.

No ano 2004 aprobouse esta Ordenanza, naquel momento fun eu o encargado do equipo de goberno de levála adiante, e buscamos unha Ordenanza axeitada a Baiona, ás súas características particulares, unha Ordenanza similar, e atopámola na de Santiago de Compostela que tamén ten casco histórico e tamén ten a problemática do Concello de Baiona, e adaptámola a este Concello coa axuda dos técnicos e dos servizos xurídicos. A partir de ahí empezamos a cumprir o que lle prometimos ós veciños do casco e de fora do casco histórico, e tamén ós empresarios, empresarios que utilizaban os seus bares, as súas cafeterías, como disco-pub, e que estaban metidos nunha incertidumbre e que estaban suxetos sen ningunha dúbida ós caprichos do Alcalde de turno, de tal xeito que se pechaban pubs ata aquel momento de maneira arbitraria; e querían seguridade xurídica, e elaboramos a Ordenanza, a presentamos e se aprobou, e a partir de ahí todos os pubs e bares que vulneraban esta Ordenanza se pecharon, se sancionaron, chegamos incluso (como vostedes ben saben) ó Xulgado, por violentar ún dos precintos; iso supuxo que os propietarios dos pubs fraudulentos se axustaran á legalidade e tamén que os veciños do casco vello viñeran a decirmos que dende ese momento sí que podían dormir. Estamos xogando co benestar e coa tranquilidade de moitos veciños que cando chegan a súa casa despois da xornada laboral non poden dormir; eu fun ún déles durante moito tempo e sei o que é iso; vostedes seguramente que non.

Vostedes derogan esta Ordenanza e non traen outra; me imaxino que esperarán a facéla a medida; como un traxe, para tal persoa: ordenanza a medida; xa o fixeron coas Ordenanzas de mesas e sillas, mesas e sillas que se están pondo por todo o casco histórico entorpecendo a peatonalidade dos veciños e veciñas, e foi por intereses políticos, por mantér o posto naquel momento; ó Sr.Benigno se lle impuxo e a sacou adiante; agora dende as súas filas se lle impón ésta e vostede volve a tragar.

Van crear agora a mesma inseguridade xurídica que antes do 2004, que antes da aprobación desta ordenanza, a que se aplique unha normativa comunitaria, a Ordenanza, a Lei, do 7 de novembro, e teño aquí un número de cifras liadas, teño un informe da Secretaría deste Concello que fala de que aplicarían a Lei do 97, e me acaban de dar outro informe tamén da Secretaría que dí que houbo unha equivocación, que non é do 97, que é 320/2002; me alegro que se rectificara, rectificar é de sabios.

SR.ALCALDE.- Vostede dí que non se aclara moito, entón vai a decílo a señora Secretaria, para que vostede non diga o que ten que decir ela.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SRA.SECRETARIA.- El informe de 8.1.09, en el aptdo.7, decía: “Destacar que la derogación de la ordenanza no implica la existencia de una laguna legal puesto que es de aplicación directa la ley 37/2007, de 17 de noviembre, del ruido, Ley 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra la contaminación acústica sobre el ruido, y reglamentos de desarrollo”, y entre los reglamentos de desarrollo (que es el informe complementario que se facilitó hoy) el Decreto 320/2002 en virtud del cual se aprueba el Reglamento que establecen las ordenanzas tipo sobre protección contra la contaminación acústica aprobada por la Consellería de Medio Ambiente; por lo tanto no es que se haya dicho que se aplique otra normativa distinta, estaba reflejada en el informe a través de los reglamentos de desarrollo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Polo tanto se aplicará a Lei do 97 con aplicación do Decreto do 2002, ¿correcto?.

SRA.SECRETARIA.- Claro, porque establece las Ordenanzas tipo para los Ayuntamientos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O entendo perfectamente agora; se nos deran estes informes a tempo habería tempo para leelos con máis detenemento e non habería esta confusión.

SR.ALCALDE.- Lle recordo que na Comisión Informativa non pedíu vostede nada, nin dixo nada. Non quixo involucrarse no tema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non quixे porque eu non coñecía o Decreto 320/2002, non coñezo la lexislación vixente de todo o Estado Español; ese non é o meu traballo, meu traballo é político, non xurídico; para iso temos os xuristas no Concello, para que nos informen a todos.

Isto quere decir que aplican o Decreto do 2002, Decreto que se estivo aplicando nos anos 2003 e 2004 ata que se aprobou esta Ordenanza, e houbo que crear unha Ordenanza; había tantas lagunas que evidentemente os empresarios que teñen equipos xurídicos moi ben pagados, supoño, buscan o que lle chaman as “portas traseiras” para eludir a Lei; na Ordenanza se especifica claramente que é o que debe de ser e que é o que non debe de ser en todo o Concello de Baiona; con esta derogación vostedes volven atrás e deixan desamparados ós veciños e veciñas de Baiona. Vostedes saberán os intereses que teñen, pero que lle quede claro que nós non vamos a ser partícipes desta farsa; fagan vostedes o que teñan que facer, teñen 9 votos, apróbenla, e despois sexan responsables co que van a facer.

SR.VILAR, CMÑ.- Quero facer unha reflexión; o Concello de Baiona foi activo contra o ruído dos locais, segue activo contra eses ruídos e o vai a seguir sendo porque o que temos moi claro dende o goberno municipal é que o dereito do veciño ó descanso é primordial, non creo que nadie o dude, espero que este goberno non sexa partícipe de sospeitas nese senso e a proba está que nós, e sobre todo dende a Concellería de Medio Ambiente, sempre estamos activos no que nos compete en materia de ruídos independentemente de que haxa unha serie de temas urbanísticos. O que é certo é que afortunadamente agora se están dictando unha serie de leis dende a Xunta de Galicia que nos obriga ós Concellos a adaptarnos a elas, e canto máis adaptados estemos a esas Leis máis capacidade de defensa ten o Concello para tomar decisións; sobre todo creo que os van a sair sempre perxudicados son aqueles que intentan burlar a Lei; eu entendo que unha Ordenanza adaptada á lei é fundamental; e o ano 2007, con aplicación no 2008, sairon unha serie de Leis, que entraron en vigor, o que nos obriga a abolir a nosa Ordenanza, que por certo, tampouco nestes informes se descarta a posibilidade de que poida facerse unha nova. Evitamos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

moitas contradicións como por exemplo que na Ordenanza da Xunta de Galicia que dí textualmente, que se ha modificado, onde “se cambian grupos e categorías de actividades e desaparecen outras”, exemplo délo é a de “cafe-bar, categoría especial” que neste novo Decreto non se contempla mentras que na nosa Ordenanza de ruidos segue facéndose referencia. Todo isto nos obriga a dar este paso para non entrar en contradicións coa Lei; entendemos polo tanto que antes de aprobar unha nova Ordenanza temos que derogar ésta.

Esta é unha boa medida que garantiza ante todo o dereito dos veciños e por suposto tamén os propietarios dos locais, estamos nun Estado de Dereito e terán dereito a alegar o que consideren, e lles gustará a eles que se adapte á lexislación vixente; nos interesa a todos adaptarnos á lexislación vixente.

Sobre os temores dos que aquí se faloron, sobre se van a quedar perxudicados os veciños en materia de ruidos, eu espero que non, esperon que non sexamos dudosos porque nunca nos temblou a máñ á hora de pechar locais ou á hora de actuar nese tema; vostede me coñece e non se preocupe, sabe que se algún veciño se ve peturbado no seu dereito ó descanso, dende o goberno vamos a aplicar a lei porque ese dereito ó descanso é algo que non se pode impedir. Todos sabemos tamén como poden chegar a ser os propietarios, que moitas veces hai que ir coa escopeta cargada porque enganar a todo o mundo, vai a Policía e cando non vai poñen outra vez máis volumen, pero iso é algo co que nós temos que estar sempre loitando; penso que esta nova adaptación á lei vai ser algo beneficioso para todos e sobre todo o amparo xurídico que ten que ter o Concello de Baiona, os informes técnicos así o acreditan, polo tanto é algo que non temos a menor dúbida de que vai ser para mellorar e nese senso estamos a favor.

SRA.SIMONS, PP.- Voy a comenzar haciendo lectura de la cantidad de normativas que hablan de ruido. En primer lugar tenemos la ley 37/2003, el RD 1513/2005, el RD 1367/2007, la Ley 34/2007; desde el punto de vista autonómico tenemos desde el 95, la 1/95 de protección ambiental de Galicia, el Decreto 150/1999 por el que se aprueba el Reglamento de Protección contra la contaminación acústica, la del 97, y la que se acaba de hablar ahora que es la 320/2002, que dice literalmente que no obstante lo anterior, la Ley 7/2007 contiene en su artículo 3.2º la potestad de dictar reglamentos de desarrollo de la misma que sean de aplicación en aquellos Ayuntamientos de la Comunidad Autónoma de Galicia que no tengan aprobada su ordenanza sobre el ruido y vibraciones. Y también dice “considerando que por un lado muchos Ayuntamientos de Galicia no disponen de ordenanzas propias sobre ruido y vibraciones, dada la complejidad técnica para su elaboración, que exige un grave esfuerzo a los Ayuntamientos con recursos limitados para contar con facultativos especializados en la materia”, hay Ayuntamientos como por ejemplo el de Tomiño que no tiene ordenanza de ruidos y eso no implica que no cumpla con normativas autonómicas. También tenemos europeas, la directiva 2002, y otra serie de normativas en las que hablan de que si realmente es una ordenanza de ruidos debe hablar de ruidos, no mezclar con actividades recreativas, ni con el reglamento de Policía y espectáculos, etc., porque al final lo que provoca es una dispersión de normativas y nunca se sabe cual es realmente la que hay que cumplir y regular. Aquí parece que a la oposición le molesta que el equipo de gobierno trabaje. Realmente la Ordenanza aprobada por el bipartito en el 2004 es unha copia pega literal de la de Santiago, sin adaptarse a que cada Ayuntamiento tiene unas condiciones absolutamente diferentes, y parece más realmente una precampaña electoral; ruido es el que realmente quieren hacer ustedes a la hora de hablar; que si el Plan General, que si una ordenanza de ruidos, etc., cuando nosotros estamos realmente en pro de querer garantizar toda la seguridad jurídica. Decir también que esta mala Ordenanza de ruidos se mete en competencias urbanísticas y de concesión de licencias para lo cual disponemos de normativas autonómicas y del Plan General; lo que ocurre es que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

piensan que cuantas más normativas tengamos se va a regular mejor cuando realmente es todo lo contrario. Esto puedo entenderlo dado que los maestros que tienen en las Consellerías en las que gobiernan piensan y actúan de esa manera, por ejemplo con el Plan sectorial Vigo Integra, con el Plan director de carreteras, con las directrices de ordenación del territorio, que parece que no tienen claro cual es el rango a la hora de aprobarlas; la ley del Litoral, el Decreto del Hábitat, y podemos seguir con un largo etcétera.

Decir también que para dar licencias de actividad, hasta ahora, en el mes de junio del 2008, las actividades para obtener la licencia en el Ayuntamiento, se tramitaban e iban a la Consellería de Medio Ambiente, y esta Consellería ponía sus premisas, hablaba del ruido, de si las puertas y ventanas tenían que estar cerradas, de cual era el ruido máximo que podían emitir; todo eso ya estaba contemplado desde la Consellería.

También decirle al Sr.Fernández que cuando aprobaron la Ordenanza en el 2004, si el Decreto es del 2002, se entiende que deberían habérselo leído. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Fixen algunhas preguntas na miña intervención como que qué vai pasar con todos eses expedientes que están abertos ó amparo desta ordenanza; a ordenanza da seguridade ós veciños e ó amparo dela iniciaron unha serie de denuncias ou protestas que están ahí, agora o goberno deroga esta ordenanza e polo tanto crea desamparo; eu non sei se aquí se pretende dar unha amnistía; ¿qué pasa cos expedientes abertos?.

SRA.SECRETARIA.- Está la normativa del Plan General y la Ley de incidencia ambiental en cuanto a la clasificación de los locales, el horario de apertura se rige por Presidencia, las actividades por el último Decreto en incidencia ambiental; y en cuanto a ruidos, por el Decreto 320/2002. El régimen sancionador, al que también hago referencia en el informe que les hice entrega hoy, es el mismo exactamente que el que preveía la Ordenanza municipal de ruidos, con lo cual el régimen sancionador, los límites, multas, infractores, siguen siendo los mismos; no hay ninguna variación. Con los expedientes abiertos se continúa la tramitación, por supuesto.

SR.LORES, PSOE.- Teño claro que hai Leis, dende a Constitución para abaixo, que nos amparan ós cidadáns; o que sorprende é que a señora Concelleira falaba de que o tema dos locais de ocio non tiñan nada que ver con isto, cando iso xenera unha serie de ruidos que agora están regulados; nós entendemos que ó ser Baiona un Concello singular necesitamos, e por iso a tiñamos, unha Ordenanza que concretara toda esta problemática, e a ordenaba, e que todos estabamos ó amparo desa Ordenanza concreta, e que non é casualidade, as ordenanzas están para concretar a situación específica de cada Concello; como ben decía vostede non é o mesmo Santiago que Baiona, ou que Oia; polo tanto nós estabamos adaptandonos á realidade de Baiona e dando normas para a convivencia pacífica neste Concello.

Decía o Sr.Vilar, houbo unha traxectoria, pouco a pouco foxe flexibilizando a aplicación desta ordenanza, e de feito os sonógrafos dos establecementos non chegaban a funcionar, están ahí postos pero nunca se activaron, pasouse dunha flexibilización no cumprimento da norma a simplemente suprimir a norma; en vez de facer cumprir a norma ¿qué facemos?: suprimímola e así xa non temos necesidade de facéla cumprir. Quero pensar que o goberno vai a facer pronto outra Ordenanza.

Decía a Concelleira que á oposición non lle gusta que o goberno traballe: todo o contrario; pero isto non é traballar; non presentan ningunha alternativa; cando se deroga unha lei non se fai así; se expón unha e xa se deroga a outra automáticamente; a aprobación dunha, deroga a outra; non se fai así, resulta que nestes momentos non temos ningunha, Baiona nestes momentos queda



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

sen Ordenanza de rúidos, e tiñamola. ¿A qué responde isto?, vostedes saberán; de todos xeitos a nós non nos parece que sexa para defensa e para mellorar a calidade de vida dos baioneses, non no lo parece, todo o contrario, parécenos que aquí hai outras motivacións; é que parécenos absurdo deixar a Baiona sen unha norma que é fundamental e imprescindible para a convivencia dos veciños deste Concello.

Solo falta dicir que vamos a votar que non e vámonos a opór realmente a este tipo de dinámicas que tratan de que Baiona cada vez teña menos orden, menos leis, e menos posibilidades de convivencia.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estaba vendo o informe complementario da Secretaria, e estaba vendo que o RD 230/2002 non aparece por ningún lado no anterior informe, ao mellor me despistei.

SR.ALCALDE.- Elementos de desenvolvemento.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu me fixen nas datas, e o Decreto 230/2002 non aparece, pero está ben, vamos a chamar “reglamentos de desenvolvemento”; en todo caso a proposta da Alcaldía di: “Visto informe del arquitecto técnico municipal de 20 de noviembre de 2008”, é dicir, da a sensación vindo este documento de que vostede actúa a petición dun informe do Arquitecto municipal; pasamos páxina e dí a señora Secretaria “ Este informe se emite a petición del Sr.Alcalde”, correcto; vamos máis adiante e o informe do Arquitecto técnico dí “este informe se emite a petición del Alcalde”; isto é importante, señora Concelleira, porque o Alcalde se escuda en que é unha petición dos técnicos para poder desenrolar a vida cotidiá neste Concello e resulta que o técnico di que fai o informe porque llo pide o Alcalde; fíxese si ten importancia, ten moita importancia; é dicir que o informe se fai a petición do Alcalde porque hai que buscar unha saída a quen lle interesa.

Falou vostede de Tomiño; é que en Tomiño non hai casco histórico, en Tomiño non teñen a problemática dos pubs que temos nos aquí; porque si tiveran a problemática dos pubs terían unha Ordenanza de rúidos e vibracións, pero non a precisan e por iso non a teñen, senón lle aseguro que ían a téla.

Tamén dí que é unha copia de Santiago, menos mal que está vostede atenta: iso xa o dixen eu; pero cando eu dixen que era unha copia da de Santiago dixen “nós collimos a Ordenanza de Santiago porque era a que se adaptaba por ter un casco histórico como o de Baiona e a adaptamos ó Concello de Baiona coa axuda dos técnicos e xuristas do Concello”, e nesa Comisión que fixemos para elaborar esa Ordenanza participou o sarxento da Policía, o arquitecto municipal actual, que aquí resulta que non emite ningún informe, e o Secretario municipal do Concello (que seguramente terán vostedes a garantía de que non era simpatizante do BNG), polo tanto non me pode dicir que era unha Ordenanza feita polo BNG para o Concello de Baiona, ou polo equipo de goberno daquel momento; non; era unha Ordenanza aplicada en Santiago que se adaptou ás condicións particulares do noso Concello, e o fixeron os técnicos municipais, e os xurídicos municipais, ¿correcto?.

Que diga vostede que cantas máis normativas peor control ten tela, ten delito; que unha Concelleira de Urbanismo diga isto, a onde iremos a parar; e nomea vostede toda unha lista de actuacións da Xunta de Galiza como auténticos desastres; mire, pola parte que me toca, ¿cántas vivendas facía a Xunta de Galiza cando gobernaba o PP?, ¿cántas fixo?, un feixe delas, por iso hai as listaxes de espera, lista de demandantes neste Concello: 1.700 persoas.

¿Sabe o que fixo o PP cos parques eólicos que están agora instalados?, darllo ós seus amiguetes;



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Céntrese no punto da orde do Día; xa faremos un Pleno de campaña electoral, pero hoxe céntrese no punto, porque dos parques eólicos o PSOE pódelle falar tamén.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non ten motivo para interrompirme porque estou no punto da orde do Día contestándolle á súa compañeira; sei que non lle gusta o que estou decindo, como sempre, pero iso vai no soldo, ten que aturálo.

Xa para rematar, señora Concelleira, o traballo da Xunta vai ser valorado o día 1 de marzo; a partir de ahí falamos, pero contén vostedes os Centros de Día, vivendas, as vendas de autopistas ós seus amigos, os señores do PP; ós seus amiguetes; etc., etc., vostedes poderán presumir de moitas cousas pero do traballo que fixeron os seus compañeiros na Xunta, nada de nada; nós sí.

Sr.Vilar, vostede ten que xustificar a súa postura aínda que non esté dacordo; vostede no fondo non está dacordo con esta moción pero ten que aguantar o tirón porque está onde está, evidentemente.

Di vostede que hai que adaptar a ordenanza á Lei, pois fáganlo, adáptenla a estes Decretos que están aquí reflexados; por certo, señora Concelleira, se lle olvidou un Decreto, anote si quere: lexislación europea, directiva 2002/49, da Comunidade Europea.

SRA.SIMONS, PP.- La dije, pero no escuchó.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, adáptenla, pero adáptenla á normativa existente, a ordenanza existente, e senón, traian unha Ordenanza nova e apróbenla para derogar ésta de maneira inmediata, fáganlo así e non teremos nada que decir si está adaptada á Lei. O que pasa é que o problema non é adaptála á lei, o problema é facer unha Ordenanza, aplicar unha lei que neste Concello vai ter moitas lagunas, é decir, vamos a flexibilizar a ordenanza aplicando a lei vixente, porque ésta é tan rixida que non lle dá posibilidade ningunha a quen quere burlála de poder facélo; e así de claro.

Mire, vostede estivo gobernando, e pechou pubs; Villa María a pechou cando levábamos os veciños 10 horas diante da porta de Villa María, á semana seguinte á actuación de Mano Negra, onde os vasos dentro das casas dos veciños temblaban co volume da música; vostede despois pechou o pub e tivo que dar marcha atrás en moitas ocasións porque a aplicación da Lei era tan complexa que era inaplicable neste Concello, polas súas características especiais, e por iso se creou unha ordenanza e a partir de ahí os veciños durmiron; e ¿sabe porqué durmiron?, porque o concellal de turno, que era eu, que tiña que facer os controis de sonometría, se facían todos os días, e se controlaban os pubs todos os días; por iso había fins de semana que había 7 pubs pechados; e se meteron sancións, e se precintaron equipos de música; pero para facer iso hai que ter ganas e valentía, e unha Ordenanza que te ampare; sen ordenanza vostedes van a provocar que os veciños non poidan dormir, nin os do casco nin os de fora do casco, e terán manifestacións outra vez dos veciños protestando porque non poden dormir; todo iso por defender os intereses de certas persoas, nin máis nin menos, e o que levan feito aquí fai moito tempo e a nós isto non nos extrana en absoluto.

SR.VILAR, CMÑ.- Non soamente pechamos Villa María, tamén pechamos no seu tempo Persígueme Rodríguez, e Villa Rosa, moitísimas actuacións fixemos de peche; creo que, que eu saiba, nadie nos condenou nunca por nada, senón todo o contrario; a partir de ahí o Concello seguiu unha liña firme; e se vostede nalgún momento tivo responsabilidais tamén o faría porque sería a súa obriga e responsabilidade cumprir coa Lei.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Fixo vostede unha reflexión, dixo que se o Secretario non era simpatizante seu, etc., mire, eu teño unha cousa clara: os Secretarios non son simpatizantes de nadie, llo teño moi claro; claro que se o Bloque vai con esas ideas qué dúbida cabe que se está a un control político dos funcionarios onde goberna o BNG; cando un partido político ten esas ideas o que pretende é que cando están nun Concello o Secretario ten que ser simpatizante de quen goberna; non, eu o teño moi claro: por saúde política os Secretarios non teñen que ser simpatizantes de nadie e eu llo agradezco porque os políticos van a ter máis elementos para actuar contando sempre coa imparcialidade do Secretario, e si éste fora simpatizante dun determinado grupo político, tería que deixar de ser Secretario.

Teño moi claro que nós vamos a votar con relación a algo que está aquí escrito, nun informe, e dí así: *“Mediante el presente informe, se realiza propuesta para la derogación de la “Ordenanza general municipal reguladora de la emisión y recepción de ruidos, vibraciones y condiciones de los locales”, publicada en el BOP con nº187, siendo de aplicación unicamente la Ley 7/1997, del 11 de agosto, de “Protección contra la contaminación acústica en Galicia” (é decir, vamos a ter unha Lei de rango superior que a nós nos protexa) en tanto en cuanto no se redacta una nueva ordenanza que se ajuste a la realidad normativa y a las características generalistas de los locales y actividades del concello de Baiona.”* Iso nos queda claro e temos a seguridade de que non vai a quedar nadie desamparado.

Tamén dí: *“Desde su aprobación han sido numerosos los cambios en las normativas relacionadas y sobre todo en las que ésta hace referencia expresamente”,* é decir, a nosa Ordenanza estaba obsoleta, polo tanto é necesario modificála e facer unha nova Ordenanza.

E dí: *“En lo que se refiere propiamente a la ordenanza de ruidos, existen deficiencias y carencias que se deberían subsanar para poderla aplicar correctamente, entre las que destacan, adaptación a las nuevas normativas, las condiciones mínimas de superficie de los locales, la descripción y categorías de las actividades, las zonas de sensibilidad acústica, (neste caso fará referencia ó casco vello de Baiona) sistemas de alarma,...”* Todo isto indica que haberá que facer unha nova Ordenanza para actualizarse á Lei; eu non dudo que este equipo de goberno traballa e vai a facer esa nova ordenanza, pero adaptada a esta lexislación, para amparo xurídico de todos: dos propietarios dos locais, que non todos son delincuentes, creo que non hai ningún, ó contrario, eles van a exercer unha actividade, pero será axustada á normativa; e nós dende o goberno municipal defenderemos o que temos que defender: a legalidade e o dereito ó descanso dos veciños, e con ese ánimo aprobamos esta Proposta.

SR.ALCALDE.- Comentar un par de cousas que me sorprenden moitísimo; por certo, a Ordenanza aprobada no ano 2004 (xa o dixen naquel momento en que eu estaba na oposición) foi unha chapuza absoluta; tal chapuza foi que incluso non chegaron a cambiar o nome e aparecía en varias partes do documento “Concello de Santiago de Compostela”, ou sexa que nin leeron a ordenanza; era mala xa naquel momento; anos despois, xa con toda a normativa que foi aparecendo, moito peor. Pero nese tempo se colocaron sonómetros en todos os locais que teñen unha duración de apertura maior e se controlaron desa forma, e se seguiron sancionando, e se van a seguir sancionando; pero o que non entendo é como os grupos da oposición poden dicir que derogar unha Ordenanza municipal é que quede en vigor unha normativa nacional e autonómica pode dar lugar a desgobierno, que a partir de mañán con esas propagandas que sí dominan, tratar de dicir ós veciños do casco que empeza o fin do mundo, a ordenanza que había en Baiona (que era un desastre) que xa non funciona e agora se acaba o mundo, pero señores ¿tan mal está o bipartito que non son capaces de facer normativa para que se poida vivir nos pobos de Galicia?, ¿a normativa autonómica non vale para Baiona?,



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

¿qué pasa?, sei que entre as Consellerías do PSOE e do BNG hai unha guerra a morte en todas, unhas son de Medio Ambiente, do PSOE, outras son de Vivenda, do BNG, pero entendo que as normativas que fan deben dar cobertura a todos os veciños de Galicia. A mín a verdade é que me extrana moitísimo todo isto que dicen, sei que hai un desgobierno, pero chegar a isto que dicen me parece increíble. E mire: convivencia pacífica en Baiona houbo sempre, sempre; non é porque houbera unha Ordenanza de ruídos e antes da ordenanza non a houbera, salvo cando algún exaltado fai o que non ten que facer.

Sobre o tema dos informes, evidentemente os pide o Alcalde cando se lle transmite por parte dos técnicos que hai problemas legais e técnicos para seguir aplicando unha normativa, entón lóxicamente hai que decir: “mo tedes que decir a través dun informe”.

E criticaba algún á Concelleira de Urbanismo porque dixo que cando hai moita normativa mal asunto, pois iso é o que dí o Director Xeral de Urbanismo que dixo que había dúas posibilidades de ordenar o urbanismo en Galicia: ou ben pór moita normativa, ou simplemente marcar unhas liñas de actuación; e nós eleximos estas últimas porque creemos que é o máis razoable. Hai que ter claras as liñas de actuación para poder actuar.

Digo para tranquilidade dos veciños: non pasa nada, non vai a ser o fin do mundo, van a facerse exactamente os mesmos controis, as mesmas sancións, os peches que teñen que ser, e dende logo non vamos a consentir locais que vostedes sí consentiron que estiveran abertos ata última hora cando non teñen condicións para iso; non o vamos a consentir; e polo demais creo que cando sacan estes temas é porque non teñen outros que sacar e non queren falar deses outros temas, moi importantes pero que non lle interesan; queren facer cortinas de fume.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 8 votos en contra (6, PSOE, 2, BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

1º.- Derogar a Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

2º.- Publicar o acordo no BOP de Pontevedra e taboleiro de edictos para que os interesados poidan, no seu caso, formular reclamacións.

3º.- Que por parte dos servizos técnicos se redacte un novo Regulamento Municipal de Ruídos conforme á lexislación vixente.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DO ACORDO DE SUSPENSION AUTOMÁTICA DE LICENZAS ADOPTADO POLO PLENO EN SESION DE DATA 24.11.08.

O Sr.Alcalde cede a palabra á Concelleira de Urbanismo, **SRA.SIMONS**, quen da lectura á seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Resultando que o pleno de la Corporación en sesión de fecha 24/11/2008 adoptó, junto con aprobación inicial del Plan Xeral de Ordenación Municipal el siguiente acuerdo “*Quinto.- Suspender ó abeiro do artigo 77 LOUPMRG as licenzas urbanísticas nas seguintes areas afectadas:*”

A. *Según denominación do documento sometido a aprobación inicial.-*

1.- *En solo urbano non consolidado: As áreas de Reparto AR-01 a AR-30 ambas inclusive, e o APD-6 (Covaterreña), cunha superficie total de 34,03 Ha.*

2.- En Solo Urbanizable Delimitado:

Sector	Denominación
SUD-1	Baredo-Portela
SUD-2	Baredo-Os Portelos
SUD-3	Baredo-A Ponte
SUD-4	O Cruceiro
SUD-5	Outeiro
SUD-6	O Burgo
SUD-7	O Xuncal
SUD-8	A Igrexa

Cun total de 104,35 Ha

3.- En Solo Urbanizable non delimitado

Area	Denominación
SUND-1	Baredo-Portela
SUND-2	Ponte - O Carballo- A Torre
SUND-3	Os Eidos
SUND-4	Medialdea - Urgal
SUND-5	leira - Sopegal - O Caeiro
SUND-6	Viso de Calvos - Xuncal
SUND-7	Covaterreña - Loureiral

Cun total de 168,52 Ha

4.- Núcleos rurais.- *súspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e o novo PXOM.*

5. Suelo rústico.- *súspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e el nuevo PXOM.*

B.- *Según denominación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1994:*

Todas áreas de solo urbano con aplicación da Ordenanza 4, nos seus grados A, B e C, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Todas áreas de solo urbano de núcleo rural con aplicación da Ordenanza 8, nos seus grados A e B, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de solo non urbanizable de núcleos rurais con aplicación da Ordenanza O-10 de núcleo rural e Ordenanza O-10B de tolerancia exterior, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

No obstante a suspensión de licencias non afectará ás solicitudes de licenzas de obra menor relativas as de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, que no seu caso se outorgarán sen dereito a indemnización e sen prexuízo da obtención doutras autorizaciónes.”

Resultando que o artigo 77 da Lei 9/2002 sinala “2. 2. O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión”.

Resultando que o artigo 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de Junio, por el que se aprueba el Reglamento de Planeamiento para el Desarrollo y Aplicación de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana señala “ *La aprobación inicial de los Planes, normas, programas estudio de detalle o de su reforma determinará por sí sola la suspensión del otorgamiento de licencias para aquellas áreas del territorio objeto del planeamiento, cuyas nuevas determinaciones supongan modificación del régimen urbanístico vigente.*

No obstante, podrán concederse licencias basadas en el régimen vigente, siempre que se respeten las determinaciones del nuevo planeamiento.”

Visto informe xurídico de Secretaría de data 8/01/2009 e en aras de garantir a seguridade xurídica na concesión de licenzas urbanísticas propoño ós membros do Pleno previo ditame da Comisión informativa de Asuntos de Oleno a adopción do seguinte acordo.-

PRIMEIRO.- Incluir a seguinte cláusula xenérica no apartado quinto do acordo plenario de data 24/11/2008:

“En todo caso a suspensión alcanza as licenzas cuxas determinacións supoñan unha modificación do réxime urbanístico vixente.

Non obstante poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, sempre que respeten as determinacións do novo planeamento.”

De forma que o acordo queda redactado da seguinte forma:

“Quinto.- Suspender ó abeiro do artigo 77 LOUPMRG as licenzas urbanísticas nas seguintes áreas afectadas:

B. Según denominación do documento sometido a aprobación inicial.-



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

1.- En solo urbano non consolidado: As áreas de Reparto AR-01 a AR-30 ambas inclusive, e o APD-6 (Covaterreña), cunha superficie total de 34,03 Ha.

2.- En Solo Urbanizable Delimitado:

Sector	Denominación
SUD-1	Baredo-Portela
SUD-2	Baredo-Os Portelos
SUD-3	Baredo-A Ponte
SUD-4	O Cruceiro
SUD-5	Outeiro
SUD-6	O Burgo
SUD-7	O Xuncal
SUD-8	A Igrexa

Cun total de 104,35 Ha

3.- En Solo Urbanizable non delimitado

Area	Denominación
SUND-1	Baredo-Portela
SUND-2	Ponte - O Carballo- A Torre
SUND-3	Os Eidos
SUND-4	Medialdea - Urgal
SUND-5	leira - Sopegal - O Caeiro
SUND-6	Viso de Calvos - Xuncal
SUND-7	Covaterreña - Loureiral

Cun total de 168,52 Ha

4.- Núcleos rurais.- suspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e o novo PXOM.

5. Suelo rústico.- súspondense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e el nuevo PXOM.

B.- Según denominación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1994:

Todas áreas de solo urbano con aplicación da Ordenanza 4, nos seus grados A, B e C, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de solo urbano de núcleo rural con aplicación da Ordenanza 8, nos seus grados A e B, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Todas áreas de solo non urbanizable de núcleos rurais con aplicación da Ordenanza O-10 de núcleo rural e Ordenanza O-10B de tolerancia exterior, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos.

A suspensión de licencias non afectará ás solicitudes de licenzas de obra menor relativas as de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, que no seu caso se outorgarán sen dereito a indemnización e sen prexuízo da obtención doutras autorizaciónes.

En todo caso a suspensión alcanza as licenzas cuxas determinacións supoñan unha modificación do réxime urbanístico vixente.

Non obstante poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, sempre que respeten as determinacións do novo planeamento.

SEGUNDO.- Publicar o acordo no BOP da Provincia e anuncio nun diario de maior difusión da provincia.

SR.LORES, PSOE.- Esta modificación do acordo é a consecuencia de haber aprobado inicialmente o PXOU de Baiona, que este grupo en principio non apoiou, polo tanto entendemos que é unha aclaración xurídica dun procedemento que vostedes iniciaron e que nós non aceptamos; por elo, no procedemento en sí, vámonos a abster.

Falando un pouquiño do traballo, señora Concelleira, isto tiña que estar clarificado no Pleno de aprobación do Plan Xeral.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Señora Concelleira, espero que non haxa ningunha errata na numeración de todas as áreas porque senón van a decirlle que está mal; como pasa cando se está lendo o PXOU e dí "como le afecta a este Concello no vial denominado OU", sabemos que hai uns equipos redactores de Ourense e que copian e pegan, nós a iso chamámoslle erratas, como as que pode haber na ordenanza de ruidos e vibracións; polo tanto van a ter que devolver todo o Plan leído e correxido.

En canto a esta Moción, nos parece correcta; nós aprobamos no seu día a paralización porque estimamos que o Plan Xeral debiera de estar protexido, dalgún xeito, e os que piden licenzas tamén deben estar cubertos legalmente, non ser que se dera unha licenza e que no Plan (no proxecto novo) que se establecera un vial por encima desa licenza que se había outorgado; polo tanto estamos dacordo e vamos a apoiar a Moción.

SR.VILAR, CMÑ.- Este é un acordo froito da coherencia do equipo de goberno de sacar adiante o Plan Xeral; cando no seu día tomamos o acordo de suspender as licenzas non foi unha medida que se tomara de xeito altruista e queremos que esa medida agora teña unha continuidade e que se sigan os traballos de colaboración do Plan Xeral; a mín me consta que todo o mundo se está implicando e me parece moi ben que agora o BNG, nun Plan ó cal votou en contra, pois agora esté unido e que o Sr.Fernández entrara no tema (eu sei que lle encantan estas cousas, xa llo



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

anunciei no seu día), me parece perfecto que dende a oposición tamén se esté dacordo, iso significa que se están facendo ben as cousas.

SRA.SIMONS, PP.- Simplemente aclararlle ó Sr.Lores que dado que estamos sempre traballando sen descanso, por elo preferimos incluílo no acordo plenario e non deixar que ese regulamento siga existindo.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); producíndose 6 abstencións, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

PRIMEIRO.- Incluir a seguinte cláusula xenérica no apartado quinto do acordo plenario de data 24/11/2008:

“En todo caso a suspensión alcanza as licenzas cuxas determinacións supoñan unha modificación do réxime urbanístico vixente.

Non obstante poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, sempre que respeten as determinacións do novo planeamento.”

De forma que o acordo queda redactado da seguinte forma:

“Quinto.- Suspender ó abeiro do artigo 77 LOUPMRG as licenzas urbanísticas nas seguintes areas afectadas:

C. Según denominación do documento sometido a aprobación inicial.-

1.- En solo urbano non consolidado: As áreas de Reparto AR-01 a AR-30 ambas inclusive, e o APD-6 (Covaterreña), cunha superficie total de 34,03 Ha.

2.- En Solo Urbanizable Delimitado:

Sector	Denominación
SUD-1	Baredo-Portela
SUD-2	Baredo-Os Portelos
SUD-3	Baredo-A Ponte
SUD-4	O Cruceiro
SUD-5	Outeiro
SUD-6	O Burgo
SUD-7	O Xuncal
SUD-8	A Igrexa

Cun total de 104,35 Ha

3.- En Solo Urbanizable non delimitado



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Area	Denominación
SUND-1	Baredo-Portela
SUND-2	Ponte - O Carballo- A Torre
SUND-3	Os Eidos
SUND-4	Medialdea - Urgal
SUND-5	leira - Sopegal - O Caeiro
SUND-6	Viso de Calvos - Xuncal
SUND-7	Covaterreña - Loureiral

Cun total de 168,52 Ha

4.- Núcleos rurais.- suspéndense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e o novo PXOM.

5. Suelo rústico.- súspondense as licenzas onde se prevea unha ordenación urbanística distinta entre o PGOU de Baiona e el nuevo PXOM.

B.- Según denominación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1994:

Todas áreas de solo urbano con aplicación da Ordenanza 4, nos seus grados A, B e C, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de solo urbano de núcleo rural con aplicación da Ordenanza 8, nos seus grados A e B, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanísticas por ambos planeamentos.

Todas áreas de solo non urbanizable de núcleos rurais con aplicación da Ordenanza O-10 de núcleo rural e Ordenanza O-10B de tolerancia exterior, agás onde se produza coincidencia da ordenación urbanística por ambos planeamentos .

A suspensión de licencias non afectará ás solicitudes de licenzas de obra menor relativas as de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, que no seu caso se outorgarán sen dereito a indemnización e sen prexuízo da obtención doutras autorizaciónes.

En todo caso a suspensión alcanza as licenzas cuxas determinacións supoñan unha modificación do réxime urbanístico vixente.

Non obstante poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, sempre que respeten as determinacións do novo planeamento.

SEGUNDO.- Publicar o acordo no BOP da Provincia e anuncio nun diario de maior difusión da provincia.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO PROPOSTA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. RODAL, PP**, quen da lectura á seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por parte da Consellería de Política Territorial, obras Públicas e Transportes remítese exemplar dun modelo de Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano e anexo técnico da Área de transporte metropolitana de Vigo.

Vistos os informes emitidos polo servizo técnico, Intervención e Secretaría resulta que:

- O transporte colectivo de viaxeiros urbanos non é un servizo obrigatorio a prestar polo Concello de Baiona.

-O convenio de colaboración proposto fundamentase na existencia dunha área de transporte metropolitana, área metropolitana que non foi constituída de acordo co establecido na Lei de administración Local de Galicia.

-Segundo o convenio impúntanse ó Concello de Baiona os seguintes desprazamentos:

- Nos viaxes con orixen e destino en Baiona, o 100 % da bonificación ó usuario é asumida íntegramente polo Concello
- Nos viaxes intermunicipais:
 - o Baiona-Vigo e Baiona-Nigrán: aplícase o criterio de orixen, é dicir que o 20 % da bonificación que percibe o usuario é asumida polo Concello de Baiona, se o viaxe se inicia en Baiona
 - o Vigo-Baiona: Se aplica o criterio de destino, es dicir que o 20 % da bonificación que percibe o usuario é asumida polo Concello de Baiona, se o viaxe se inicia nun municipio obrigado á prestación do servizo de transporte urbano, como é Vigo.

- Segundo os cálculos da Xunta o Concello de Baiona lle correspondería abonar 16.205 € no primeiro ano. Este importe non se corresponde coa estimación realizada dende Intervención e que supón só para o primeiro ano casi 2,5 veces máis que o previsto pola Xunta: 38.170,70 €

- O desenvolvemento de novas comunicacións para solventar o transporte parroquial corren a cargo do Concello na súa totalidade.

- O convenio facilita o transporte ás infraestruturas fundamentais dentro dos intervalos que se establecerán pero non hai comunicacións directas.

Polo exposto propono ós membros do Pleno previo informe da Comisión Informativa:

Primeiro.- Non adhesión do Concello de Baiona o Convenio de Colaboración de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano nas condicións establecidas no mesmo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Segundo.- Dar traslado do acordo a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

CONTINUA.- Desde el Partido Popular estamos totalmente de acuerdo en la importancia de fomentar y potenciar el transporte público colectivo en detrimento del vehículo particular por motivos de saturación de los viales de las carreteras y aspectos contaminantes, pero no de cualquier forma ni a cualquier precio.

El Convenio de colaboración que presenta la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no es el idóneo para los Ayuntamientos o por lo menos para la mayoría de ellos; primero, porque a día de hoy aún no está creado legalmente el área de transporte metropolitano de Vigo; segundo, porque los Ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes, que es nuestro caso, no están obligados a prestar dicho servicio; tercero, las operadoras o concesionarias no aportan ningún tipo de financiación o mejoras pues incluye el mantenimiento de las propias marquesinas que debe ser también mantenimiento municipal, de ahí que sean éstas, las concesionarias las grandes beneficiarias; cuarto, no está perfectamente definida la duración del contrato; y quinto, no resuelve los verdaderos problemas de cada Municipio como son, en este caso, la comunicación parroquial ni tampoco el acceso directo a infraestructuras fundamentales como es el acceso a la Universidad, el CUVI, o al aeropuerto, entre otros; y sobre todo el elevado coste económico que deben asumir los Ayuntamientos, que en nuestro caso duplica, como se ha comentado anteriormente, la estimación inicial de la Xunta desde esos 16.000 euros hasta los 38.000 euros.

SR. LORES, PSOE.- Esta proposta é case do mesmo nivel que a primeira proposta de derogación da Ordenanza de emisión de rúidos; aquí o que está manifestando o equipo de goberno é a falta de compromiso cos veciños e veciñas de Baiona. Non podo entender como o equipo de goberno dí que o PP está a favor da utilización de transporte público, de evitar no posible a acumulación de coches particulares, ¿pero qué está facendo o PP?, ¿simplemente dicir que está dacordo?, ¿qué alternativa ten?, un goberno que dí que está dacordo, pero non se trata de estar dacordo, trátase de dicir “ésta é a alternativa, Baiona necesita isto; nós vamos a por isto”; o único que se dí aquí é que non; todo o que veña, non; iso non é así, o goberno ten que estar para favorecer e mellorar a calidade de vida dos veciños; todos entendemos que o transporte público é algo necesario e imprescindible; fálase no Plan Xeral, en que todos tamén estabamos dacordo nese concepto de que hai que consolidar poboación en Baiona; sen transporte público é imposible; é un servizo imprescindible. Non podemos dicir que non a todo o que nos veña; a Consellería presenta un convenio, traballemos nél, discutamos, demos opcións, non digamos que non; iso non é propio dun goberno municipal que ten a obriga de mellorar a calidade de vida dos veciños. Falan de que o transporte interparroquial é competencia municipal, por suposto, ¿cál é a alternativa?, ¿qué iniciativas está tomando o goberno municipal para favorecer e para implantar o transporte interparroquial?, ¿cáles son as ideas, qué propostas ten?, ¿qué convenios quere firmar?, ¿a qué Administración se está a dirixir?, non hai nada, é simplemente dicir que non, isto non pode ser. Despois dín tamén que en Concellos de menos de 50.000 habitantes non é obrigatoria a prestación deste servizo, é que se fora obrigatoria xa non faría falta Convenio, habería que póla; do que se trata é de procurar que tamén os Concellos que non chegamos a esa poboación teñamos o servizo, canto máis se intentamos que Baiona esté na periferia de Vigo e que Baiona se vexa incrementada en poboación e que teña vida durante todo o ano, non simplemente no verán.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Polo tanto eu creo que é algo o suficientemente importante como para que o Concello de Baiona simplemente diga non, e non trate en absoluto nin de discutílo, nin de mellorálo, nin de ter outra alternativa.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha vez visto e leído este documento creemos que non está feito a medida para Baiona en absoluto; o que sí é certo é que, Sr.Alcalde, neste Concello sí existe unha problemática que é a comunicación interparroquial, esa é competencia de vostede e debera tomar cartas no asunto; en todo caso neste Convenio tampouco se fala da comunicación mancomunada, é decir, non nos resolve nada en absoluto que nos reduza en 10 minutos a frecuencia no transporte a Vigo, a conta dunha carga nos orzamentos municipais importante, según establece a Interventora, e ós veciños en realidade non lles resolve nada en absoluto. Nós creemos que éste é un problema que se debera ter moi en conta e apostar máis polo transporte público, non tanto xa por máis autopistas, máis autovías, e ao mellor sí por trens de cercanías (que en Galiza non existen, non sabemos o que son, cando no resto do Estado Español pois sí se establece xa como algo cotidiá: o metro e os trens de cercanías.

Creemos que é un punto que hai que tratar e que hai que resolver, a intercomunicación mancomunada e parroquial, e por esa liña vai a nosa política, polo tanto non estamos dacordo con adherirnos a este Convenio; estamos dacordo coa Proposta e creemos que se deben buscar solucións para resolver a problemática da comunicación interparroquial e mancomunada. Vamos a apoiar a proposta, Sr.Alcalde.

SR.VILAR, CMÑ.- Creo que cando se goberna hai que ser serios porque dá a impresión de que dende a Xunta de Galicia, que debera legislar e teña esa capacidade para legislar, deberían facer propostas serias; pero cando se fan propostas que non son serias, que son simplemente para xustificar unha actividade na que non se fixo nada durante esta legislatura, entón clama ó ceo. O que sí é certo é que aquí hai un informe (que non se fixo mención a él) que saca unhas conclusións por parte dos servizos técnicos do Concello, que son demoledoras con relación a esta proposta. E son demoledores, entre outras cousas, porque o transporte colectivo de viaxeiros urbanos non é un servizo obrigatorio a prestar polo Concello de Baiona, e non é un servizo obrigatorio porque esta competencia ténla a Xunta de Galicia ao 100%. Segundo: o Concello de Baiona actualmente non presta o servizo de transportes colectivos de viaxeiros; terceiro, o servizo de transporte público de viaxeiros, que é unha competencia da Xunta, no noso caso tiña que estar ligado á área metropolitana de Vigo; e a área metropolitana de Vigo non se desenrolou; existe unha Mancomunidade intermunicipal de Concellos pero non un área metropolitana; ésta tiña que ser unha das competencias que tiña que ter a área metropolitana, pero lóxicamente si esto está paralizado na Xunta de Galicia, senón se poñen dacordo os actuais gobernantes na constitución ou composición da área metropolitana de Vigo, lóxicamente pois non se pode facer unha lexislación de transporte metropolitano; e ademais é que se nomea así: transporte metropolitano; estamos nun absurdo ou nunha tomadura de pelo ós Concellos, neste caso ó noso que é o Concello de Baiona, pero non ó equipo de goberno, á totalidade dos integrantes desta Corporación.

O convenio de colaboración proposto fundamentase na existencia dunha area de transporte metropolitana, que ata a data de emisión deste informe non foi constituída como entidade local; polo tanto nos están pedindo un gasto incontrolado para o futuro, porque nos presupostos municipais cando se fai unha consignación de gasto ten que ser un gasto fixo a un período de 4, 5, 10 anos, ou o que sexa, pero isto sería un gasto incontrolado xa que como moitas veces



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

reflexionamos no equipo de goberno si se baixa o billete é maior o número de usuarios que o vai a utilizar, polo tanto vai a ser moito maior a participación do Concello. Por isto “informase desfavorablemente o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área do transporte metropolitano”; miren, todo isto é fume, é engano, é engano porque realmente se pretende crear un transporte metropolitano nunha área que non está constituída. Eu fun o primer Presidente que tivo a área intemunicipal de Vigo, por razóns de abecedario, Baiona era a primeira, e me tocou vivir como presidente todo o período constituínte e logo durante o período xa de funcionamento fun o primeiro (cando se rotaban os Presidentes), e sempre se falou deste tema, e nós eramos conscientes de que a única forma de desenrolar un transporte metropolitano era transformar a Mancomunidade en área metropolitana, esa sería unha das grandes ventaxas. Pero miren vostedes, dende a Xunta de Galicia este ano se volveron locos con esas famosas propostas de que si tantos Concellos, que si cantos, etc., e non se fixo nada; polo tanto que nos presenten isto aquí é unha tomadura de pelo, é unha burla ós Concellos e sobre todo é unha burla ó sentido común, así de claro. E unha burla ó sentido común.

Por todo isto a nós non nos queda máis remedio que votar en contra de maneira indignada; por favor, non nos manden estas cousas e traballen un pouco, as casas se fan polo cimentos, non polo teito, e aquí parece que nos mexan por enriba e hai que decidir que chove; isto é o que nos está pasando neste caso coa Consellería; e se alguén se atreve a contradecirme que o faga.

SR.RODAL, PP.- Desde la Consellería de Política Territorial defienden en este Convenio un área de transporte metropolitano de Vigo con 11 Municipios entre os cales están Baiona, Cangas, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior, e Vigo, siendo curioso que hasta el momento solo 3 de todos estos Municipios vean con buenos ojos este Convenio, y estos 3 que lo ven con buenos ojos son los que deberán pagar más, curiosamente; en el primer año corresponde a Redondela con 73.000 euros, a Moaña con 107.000, y a Cangas con 230.000 euros; los que más tienen que pagar y resulta que son los que están de acuerdo; y paradójicamente la gran ciudad de Vigo solo tendrá que pagar 51.650 euros, curioso; y aún así, Vigo no acepta el Convenio.

Cuando estamos hablando de estas cifras, y según el informe de Intervención, la cifra en el caso de Baiona se duplicaba, imaginemos que se dupliquen, a ver como va a pagar Cangas 460.000 o 500.000 euros; aún así ellos están de acuerdo.

Nosotros nos referimos a los informes negativos, tanto, como se ha comentado antes, del servicio técnico, y de Intervención; creemos que no es un Convenio beneficioso para Baiona, que realmente es lo que tenemos que defender: Baiona; pues las competencias de esta materia son únicamente de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Transportes, lo único que nos falta es financiar también, en este caso sería un financiamiento que hacemos, nos dicen en el tema urbano que financiemos el 100%, en las salidas interurbanas que financiemos el 20%, y el 80% lo hace la Consellería; solo nos falta financiar el noite-bus también.

SR.ALCALDE.- Decir que a día de hoxe, senón cambia a información, o único que firmou o Convenio é Redondela, porque Cangas e Moaña firmaron outra cousa diferente a ésta, so no referente ó billete de transporte de Ría, non inclúe o demáis, porque o señor Alcalde de Moaña dí que van a pagar teóricamente 50.000 euros (como acaba de decir o Sr.Rodal a cifra para Moaña era de 107.000 euros), é decir, este Convenio a día de hoxe está soamente firmado polo Concello de Redondela.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Cada Concello terá que ver o que máis lle interese; o que parece é que o equipo de goberno de Baiona non está pensando no que máis lle interesa ós veciños e veciñas de Baiona, porque realmente a conexión Baiona-Vigo, Vigo-Baiona- Gondomar e Nigrán, e por suposto a conexión entre as Parroquias é algo ó que hai que facer frente e que este goberno non lle está a facer. Isto paréceme que vai a ser unha oportunidade perdida de chegar e porse a lograr acordos coa Consellería para dar os primeiros pasos a ese transporte público, que é necesario e imprescindible para calquer pobo se queremos medrar e se queremos ter un desenvolvemento sostible, iso é imprescindible para Baiona. A Consellería pón encima da mesa unha opción e o equipo de goberno de Baiona nin a mira, dí que non, que hai custos e demáis; haberá que vélos, haberá que facer estudos; o que está claro é que se reduce considerablemente o custo dos veciños para ir a Vigo, iso sí está claro, iso é un beneficio directo xa; haberá que ver que Convenios se poden facer coa Consellería ou con outro tipo de Administracións para que o Concello de Baiona poida facer frente a eses custos, non dicir que non directamente.

Polo tanto nós aquí non vemos ningunha iniciativa, non vemos ningún interese por parte do goberno de solucionar un problema imprescindible para Baiona como é o transporte público; si vemos un interese da Consellería en afrontar este problema; hai un interese claro e conciso e un compromiso para que na área de influencia de Vigo se organice un transporte colectivo útil e asequible a todos os cidadáns; iso é un compromiso. O goberno de Baiona o que fai é negar ese compromiso e darlle a espalda ós seus veciños, sen ningunha soa proposta; ¿estamos dacordo en que ten que haber transporte?: sí, pero ¿cómo o facemos?, dí o Sr.Vilar “quen está gobernando ten que facer propostas”, pois fagan unha proposta vostedes xa que están gobernando en Baiona; iso é o que nós estamos pedindo, Sr.Vilar, que dende o goberno municipal se faga unha proposta, unha proposta serie non é dicir non, unha proposta seria será dicir cales son as necesidades, as posibilidades, e a ver onde podemos chegar; non é unha proposta seria darlle a espalda ós veciños e ás necesidades do pobo, esa non é unha proposta seria, Sr.Vilar.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, decía vostede que había uns informes técnicos demoledores; os informes técnicos non son vinculantes, son asesores, de tal xeito acórdese vostede de cando decidimos pór as dúas alternativas á depuradora de Baiona onde íamos a póla; os informes técnicos todos decían que fora en Baredo, e foi unha decisión política póla en Silleiro; é dicir, os informes técnicos son asesores e nós temos que tomar a decisión. Paréceme que neste caso a decisión está clara, como decía antes, e o que si nós temos que recriminar, dicirlle ó equipo de goberno, que esta é unha boa ocasión para tomar unha iniciativa e plantexar, Sr.Alcalde, a problemática de comunicación interparroquial, e é unha boa ocasión para que o equipo de goberno se luzca, porque é necesaria esta comunicación, e tamén a mancomunada. Neste caso aquí poñen o non polo non sen dar ningunha alternativa pero en realidade se está votando a adhesión, ou non, ó Convenio; nós apoiamos a non adhesión, moitas grazas.

SR.ALCALDE.- O representante do PSOE non se enterou de todo o punto da Orde do Día porque non estamos polo “non polo non”, aquí hai informes técnicos, da Secretaria, da Interventora, do Arquitecto, que dín os problemas que isto conleva; como dí o Sr.Fernández, evidentemente a decisión final é nosa, pero con responsabilidade. Dixemos claramente que estaríamos dacordo en firmar o Convenio se o Concello de Baiona non ten que asumir unha cuantía económica e se resolve problemas fundamentais para o Val Miñor, ¿porqué temos que pasar polo nudo de Vigo para ir ó CUVI?, ¿porqué os xóvenes de Baiona teñen que ir ó CUVI cando temos directo ó aeroporto?, o sinalamos na comunicación que se vai a mandar á Consellería. Pero o transfondo que hai, como decía Manolo Vilar, é moito máis profundo que iso; eu intentei porme en contacto



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

coa Directora Xeral de Transporte, porque para a comunicación interparroquial sí hai unha possibilidade que se deu a un grupo de Concellos, pero non a Baiona, que é utilizar o transporte escolar como transporte público para a xente das parroquias, isa é unha possibilidade importante; nós actuamos tamén no transporte parroquial con xestións directas coa empresa, e tendes que saber que ATSA cambiou o traxecto de Baredo e agora recorre toda a parroquia, unha negociación que levou noso concelleiro, Pepe Cardíño, con Ani, falando directamente, e agora recorre a parroquia de arriba a abaixo canto antes soamente ía a un sitio e daba a volta para baixar. A iniciativa de poder utilizar o transporte escolar para toda a xente tamén é un tema interesante, pero non nos deron opción, dixeron que ía a ser e resulta que foron 4 ou 5 pobos do interior, ningún da costa, dende logo Baiona non tivo esa possibilidade.

Pero o problema fundamental é máis profundo: o que pasa é que non se quer facer a área metropolitana de Vigo, Sr.Fernández, o Partido Socialista neste momento non quer facer a área de Vigo, ¿porqué?, porque lle quita poder á Xunta de Galicia, iso é así. Se houbera unha área metropolitana de Vigo este transporte o financiaría a mesma area metropolitana; o que quer facer a Xunta é mantér as competencias de transporte, non delegálas na area metropolitana de Vigo, mantélas, pero que paguemos entre todos; non; mira, se temos as competencias entón pagaremos, pero o lóxico é que se ti tes as competencias, que pagues, iso é o normal e o que pedimos.

O Sr.Caballero, en Vigo, non firmou o Convenio; o Sr.Juanes, en Nigrán, tampouco; o Sr.Arauxo, tampouco; o Alcalde de Porriño, tampouco; Salvaterra, según creo, tampouco; Salceda, creo que tampouco; ou sexa, está claro: hai problemas, e hai problemas porque non se ten en conta ós Concellos; se queren as competencias, que as asuman, pero logo a financiación non pode ser dos Concellos. ¿Estamos dacordo en mellorar a área metropolitana?, sí, a creación da área e todo o que hai arredor como pode ser o abastecemento de augas, transporte, saneamento, todo, pero metamos todo, non “sí, isto me interesa; non, isto non”; iso non é un área metropolitana, iso é outra cousa; e o compañeiro de Gondomar o comentaba: si en Gondomar non poden nin chegar co mesmo autobús ó centro de Gondomar; ¿que vamos a resolver si en Gondomar teñen que baixarse 500 metros antes de chegar ó propio Gondomar?.

E tamén falar doutra cousa que aquí non se dixo: pero é que a empresa concesionaria non aporta nada, tampouco, e aquí hai un incremento económico razoablemente importante, e resulta que a empresa concesionaria non aporta, ¿porqué?; o que non podemos facer é o que pasou en Rande, a política da Consellería foi dicir que Rande sexa gratuito, perfecto, pero é que ós de Pontevedra os machacou, teñen que pagar exactamente igual; os de Redondela exactamente igual; e a Xunta paga 7 millóns de euros ó ano a AUDASA para liberar, pero ¿qué pasou?, que se fundíu o transporte de ría, xa non vai nadie en barco porque é moito máis barato ir en coche por Rande; e agora hai que subvencionar tamén o transporte de ría; agora subvencionamos o ponte de Rande (non para os de Redondela, nin Pontevedra), e subvencionamos tamén o transporte de ría; eu creo que non gañamos absolutamente nada; perdemos. Haberá que facer as cousas de forma razoada.

Sr.Lores, olvídesse, de verdade, non é o non polo non; nós vamos a dicir que sí, como xa o fixemos, a todas as iniciativas que poidan traer as Consellerías da Xunta de Galicia; pero non a todas porque como decía vostede tamén, cada Concello ten que ver os seus intereses, e Baiona tamén, por suposto, e dende logo non decimos “non porque non” nin facemos referencias personais ás familias dos concelleiros deste Pleno, o grupo de goberno non vamos a tomar medidas por favorecer ó primo primeiro ou terceiro do concelleiro do PSOE, nin do PP, nin do BNG, nin de CMÑ, non vamos a utilizar esas tácticas. Vamos a votar a non adhesión a este Convenio sinalando que o noso voto en contra é polas condicións establecidas no mesmo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); producíndose 6 votos en contra, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Non adhesión do Concello de Baiona o Convenio de Colaboración de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano nas condicións establecidas no mesmo.

Segundo.- Dar traslado do acordo a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

(Sendo as 13,40 horas abandona o Salón de Plenos D.Rafael Estévez, PSOE)

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVO A SOLICITUDE DO PROXECTO CARRIL-BICI BAIONA (RAMALLOSA) A GUARDA, A CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTES.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

MOCION DO EQUIPO DE GOBERNO

Os portavoces dos grupos municipais do Concello de Baiona abaixo asinantes, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte:

MOCIÓN

En data 1 de outubro de 2008 esta Alcaldía solicitou a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes un exemplar do proxecto de expropiación do carril bici Baiona-A Guarda, proxecto que a data de hoxe non foi remitido.

Tendo coñecemento que o Concello de Nigrán dende o día 7/01/2009 ten exposto na Casa Consistorial o proxecto do carril Bici Vigo-Ramallosa que afecta o seu termo municipal para o coñecemento xeral dos veciños.

Que o Concello de Baiona está favor da promoción do desenvolvemento sostible, do deporte e da seguridade vial,

Polo exposto o equipo de goberno propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Solicitar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes un exemplar do proxecto do Carril Bici Baiona (Ramallosa) – A Guarda co fin do coñecemento das afectacións tanto en vías públicas como propiedades privadas.

Continúa.- Creemos que esta moción está máis que justificada, un Ayuntamiento debe ser el primero en conocer los trabajos o proyectos que cualquier Organismo o institución pretende realizar dentro de su término municipal, y en este caso también los ciudadanos bayoneses que pueden estar afectados por dichos proyectos. Estamos esperando respuesta de la Consellería desde hace más de 3 meses sobre un proyecto ambicioso del que a día de hoy tenemos un desconocimiento total, al igual que nuestros ciudadanos, y más cuando casi todos los días los medios de comunicación dan noticias de toda la problemática que están viviendo otros Municipios afectados, como es el caso de Nigrán y de Vigo, donde existen 891 parcelas que están directamente afectadas; por lo tanto desde el equipo de gobierno pedimos a la mayor brevedad posible recibir el proyecto del Carril Bici Baiona (Ramallosa) – A Guarda pidiendo el apoyo de toda la Corporación municipal puesto que entendemos que como nosotros a día de hoy no tienen constancia del trazado que afecta a nuestro municipio ni de las posibles expropiaciones que puedan afectar a nuestros vecinos.

SR.LORES, PSOE.- Este podería ser o apartado de lamentos e non de Mocións. Para nós isto non é unha Moción, diríxanse vostedes a onde sexa pero este tema non é unha cuestión de Pleno; dín que aínda non lle contestaron, pois isto será un Rogo Sr.Alcalde; róguelle á Consellería que lle conteste, nada máis.

SR.ALCALDE.- Respeto ós veciños, Sr.Lores, isto non é un rogo do Alcalde de Baiona; isto é un rogo dos veciños de Baiona que dende logo coas suas propiedades teñen que saber en tempo e forma o que pode pasar no seu territorio; é un tema de respeto; que unha Consellería non responda á petición dun proxecto que afecta a un Concello me parece gravísimo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, non sei como non lle da vergonza traer esta Moción ó Pleno; dígollo así de claro; aínda así nós vamos a apoiála porque evidentemente vamos a colaborar co Concello para facilitarlle ós veciños todos os trámites ordinarios; en calquer caso vai a ser imposible expropiarlle a un veciño senón se lle informa, vai ser imposible porque sería fora da lei; non hai expropiación sen parcelario e exposición pública, e sen prazo para alegacións; polo tanto eu creo que ten moi pouco peso político dentro da Administración para que lle contesten e se imponha con todo o dereito do mundo como é neste caso; en todo caso nós vamos a apoiar a proposta, vamos a colaborar co equipo de goberno, e é máis, se quer vamos con vostede a Santiago a reclamála aínda que non teñamos que parar para nada en Carril, vamos tamén, non se preocupe vostede.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, dí que non se pode expropiar sen exposición pública, e ¿se pode adjudicar unha obra sen haber feito as expropiacións?.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Lle contestarei no próximo Pleno.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, voulle a contestar neste Pleno; eu pedín o proxecto o día 1 de outubro, que se dí que se aproba no Consello da Xunta o expediente de expropiación de Baiona-A



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Guarda, ese mesmo día se publican dúas resolucións, unha dí: “Resolución 25.9.08 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes pola que se anuncia a licitación do procedemento aberto multicriterio da obra “Itinerario ciclista a lo largo de la carretera 552 entre Baiona e A Guarda”, o día 1 de outubro; con data límite de recepción de ofertas 11 de novembro de 2008; e a continuación outra Resolución do 25.setembro.08 que dí: “Resolución 25.9.08 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes pola que se anuncia a licitación do procedemento aberto multicriterio da obra “Proyecto de seguridad vial en la PO-325, tramo Nigrán”, publicadas onte na prensa: expropiacións de Nigrán e Vigo, pero parece que xa en outubro xa está para licitar a obra; por iso digo que esta moción é precisamente para asesorar ós veciños, porque os veciños xa viñeron a preguntar aquí que vai ser dos seus terreos, “e que non sabemos por onde van, é o que necesitamos”.

SR.VILAR, CMÑ.- Unha pregunta dirixida ó portavoz do PSOE: ¿vostede coñece o proxecto dende Ramallosa ata A Garda?, isto é moi serio, Sr.Lores; é dunha gravidade extraordinaria. Isto ao mellor termina nos Tribunais; aquí somos a Corporación Municipal de Baiona, a través dun órgano, no que creo que estamos todos dacordo, que é o Pleno, e reclamamos que nos presenten un proxecto que leva a cabo a Xunta de Galicia dentro do ámbito da súa competencia pero que vai a producir expropiacións a veciños de Baiona, unha obra que parece ser que está adjudicada sen antes efectuar as expropiacións, isto é dunha gravidade extraordinaria. Si os que nos gobernan fan estas cousas pois me parece terrible, e se fora así, todos os argumentos que ten dado a oposición aquí en aras da transparencia caerían polo seu propio peso, pero isto se agrava cando existen partidos que teñen o proxecto na súa sede, ou que o coñecen, e que non o ten o Concello; esta é unha práctica que creo que nunca se deu; entón se un partido ó que eu lle supuña unha certa seriedade fai esto, me parece abominable; ou ao mellor non é o propio partido senón as persoas que están con cargos de responsabilidade dentro dese partido e que lles afecta o tema de Baiona; repito que isto é dunha gravidade extraordinaria, porque ó fin e ó cabo nós estamos a favor de que se faga un carril Bici entre e A Guarda, pero queremos coñecelo co obxeto de que si temos que facer algunha alegación poidamos facéla; temos que defender os intereses dos veciños; e non se rían porque isto pode establecer un precedente, coidado, pouco futuro van a ter vostedes con estas actuacións en Baiona, pouco futuro; están vostedes cavando unha tumba da que non van a saír nunca, este tema é moi grave, unha obra que está adjudicada, que non haxa expropiacións, e cun partido político que coñece o proxecto sen coñecélo a Corporación Municipal .

Polo tanto esta moción está máis que xustificada, por respecto a esta Cámara, por respecto ó pobo de Baiona, e por respecto a toda a Corporación. A mín me gustaría que conste en acta esta afirmación que fixeron os do Partido Socialista, que eles sí que coñecen o proxecto, que teñen o proxecto e que non o ten a Corporación; e se o BNG, o representante do Bloque, son cómplices, que o digan. Este tema é moi serio; esta é unha moción obxetiva e repito que creo que é gravísimo o que está pasando aquí, e sobre todo cando se utiliza ese poder; miren: “arrieros somos e no camiño nos atoparemos”.

SR. RODAL, PP.- En mi primera intervención no quise comentar nada máis porque esperaba que sobre todo o PSOE, Sr.Lores, dijera que sí sabía del proxecto, como pasó en el Pleno anterior, creo recordar, cuando estabamos hablando de la rotonda de Sabarís con acceso a la autopista, nosotros decíamos que desde Política Territorial no hacían los trabajos y él nos dijo que era porque había unos yacimientos arqueológicos; si realmente aparecieron esos yacimientos fué gracias al Sr.Lores



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

porque ni nosotros ni el Sr.Fernández tenemos ninguna constancia, como tampoco tiene constancia este equipo de gobierno, a día de hoy, desde la Consellería de Política Territorial, del carril bici; me imagino que sabrán ustedes, porque viene en la prensa, que hay un artículo de un periódico del 26.9.08, que dice: "El Gobierno gallego autorizó ayer el gasto de la Consellería de Política Territorial", hablando de este carril, y cita que será un coste de 11,7 millones de euros, estoy hablando del carril bici Baiona-La Guardia, estamos hablando de un coste (por eso dije antes que era un proyecto muy ambicioso) de 11,7 millones, donde se cita que entre los cuatro Ayuntamientos implicados: Baiona, Oia, Rosal, y La Guardia, hay 433 fincas afectadas, por una partida de 2 millones de euros; o sea, que hay 2 millones para expropiaciones; tema serio, aunque antes dijeran que este punto no tiene ninguna importancia; y de 9,3 millones en obras de mejoras que incluye 11 cambios de sentido; estamos hablando de un trayecto de 28 kilómetros con 11 cambios de sentido, ¿saben lo que es eso en un carril-bici?; no se si ustedes hacen deporte, a lo mejor el Sr.Lores sí lo hace y me imagino que sabrá lo que son 11 cambios de sentido; hay también zonas de descanso, y se acometerán 27,6 kilómetros de carril bici entre ambos Municipios (Baiona y La Guardia), explicando que en Baiona afectará a los acantilados, por cierto Sr.Fernández, a su partido le va a importar mucho esto: está el Monumento de los Nove allí, a ver si va a pasar el carril-bici por encima; es importante para ustedes y para nosotros porque también nos preocupamos de eso, y también nos importa la integración paisajista y saber si el trazado impedirá en un futuro la posibilidad de crear esa senda que todos pedimos tanto cuando gobernaban ustedes como desde que gobernamos nosotros: una senda peatonal hasta Cabo Silleiro, lo que queremos ahora saber es si esta senda es compatible ó no; a lo mejor desde la Consellería dicen que sí lo es, todos queremos la senda peatonal hasta Baredo y hasta Cabo Silleiro, pero aquí estamos hablando de un carril-bici.

Desde el equipo de gobierno, y como portavoz del PP, y Concejal de Turismo, creemos vital conocer de primera mano, y estamos en nuestro derecho, este proyecto de humanización deportiva que afectará a nuestra costa, a nuestros visitantes y turistas, y sobre todo a los bayoneses y en particular a los afectados por las expropiaciones, que no puedo decir cuantos son, antes hablamos de 433 fincas desde aquí hasta la Guardia, pero no sabemos cuantas son las afectadas en Baiona. Y eso es lo único que estamos pidiendo desde el gobierno de Baiona: conocer un proyecto que nos afecta a nosotros y también afecta a la oposición, y a los ciudadanos, anden ó no anden en bici. No estamos pidiendo ninguna cosa rara ni ninguna locura.

SR.ALCALDE.- Quero aproveitar para desculpar ó Sr.Lores porque, Sr.Vilar, igual é verdade que non coñecen o proxecto, é outra posibilidade: que sexa fume, que todo isto sexa fume e non exista proxecto nin exista nada. Por iso Sr.Lores, doulle a oportunidade de clarificar a postura, ¿existe proxecto ou é fume?, ¿cál é a verdade?, porque si é fume non temos que preocupar ós veciños de Baiona, ós que van a ser expropiados; pero a inversión non aparece.

SR.LORES, PSOE.- O primeiro decir que os proxectos que veñan da Consellería van a ser proxectos importantes, vai a ser unha inversión importante; e é obriga do goberno municipal abrir cauces e informarse, pero non con este tipo de mocións porque o Sr.Vilar quere darlle seriedade a unha cousa que sabemos o que é: nada, un papeliño para vir aquí hoxe contra Política Territorial; soamente é iso.

A seriedade non está nesta moción; a seriedade está en que o goberno ten que traballar conxuntamente coa Xunta de Galicia para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Baiona.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Ao mellor se deixamos de tirarlle misiles caseiros á Xunta, Sr.Alcalde, igual nos tratan mellor; as veces hai que actuar así, aínda que o trato que está recibindo vostede agora é o mesmo que recibín eu cando estaba o PP gobernando na Xunta..

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, eu pedín o 1 de outubro este proxecto e non o mandei á prensa, estiven esperando 3 meses a contestación, ¿iso é facer política ou utilizar algo contra a Xunta?, nós non temos nada contra a Xunta, vostede o sabe perfectamente; pero os veciños de Baiona, os que van a ser expropiados, teñen dereito a estar informados, e pode ser que sexan do BNG, ou do PSOE, ou do PP, iso non é o importante, o importante é que son veciños. E tamén é moi importante dicir que nos gustaría participar, e penso que a vostede tamén, no diseño dese proxecto; ¿porque non podemos aportar todos, os nosos técnicos, melloras a ese posible proxecto?, que non ocorra como en Nigrán porque o problema non é de Baiona, que lle pregunten ós concelleiros de Nigrán cómo se enteraron do proxecto do carril bici, ¿sabe como se enteraron?: se enteraron porque unha empresa foi a pór marcas nuns terreos, nunhas vivendas, e dixeron “vamos a expropiar esto, y esto”, e os veciños foron ó Concello e non sabían nada, non tiñan o proxecto; ese é o problema; é un problema de que se entende que os Concellos non pintan nada en todo isto, eu creo que é un erro.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En todo caso velaremos polos intereses de todos os veciños, pero tamén para que os expropiados teñan todas as garantías legais establecidas, por suposto. Despois de escoitar os datos aportados polo Concelleiro de Turismo, 11,7 millóns en 27,6 kilómetros, supómos que se fará algunha obra máis que facer unha pintura de cór vermello ou granate no asfalto.

Como dixemos anteriormente vamos a apoiar a Moción, aínda que a mín se fora Alcalde deste pobo me daría vergonza traéla a un Pleno.

Quero aclarar, por unha cuestión da que tamén falou o Sr.Rodal, eu unha vez feitas as manifestacións que se fixeron aquí no Pleno da interrupción das obras da autoestrada, sí me puxen en contacto coa Consellería de Cultura e os técnicos responsables me manifestaron que Patrimonio non emitira ningunha orde de paralización desas obras, isto foi ó día seguinte do Pleno; non se había emitido ningún informe de paralización; iso o teño que dicir porque foi o que me manifestaron.

SR.VILAR, CMÑ.- Para nós o señor Xose Enrique é un cómplice do PSOE xa que esas manifestacións que dí aquí no Pleno, non as dí na prensa; hai un pacto de non agresión entre ambos dous partidos e por iso o señor Xose Enrique traga, traga todo iso; pois que llo diga ós veciños de Sabarís cando fai política por alí, nunha zona que él ven coñece, e como sigan así me parece a mín que vamos a quedar sen circuvalación de Baiona, por uns restos arqueolóxicos.

SR.ALCALDE.- En Nigrán e Gondomar está practicamente finalizada a conexión, Nigrán sobre todo, e a nosa empezou onte.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); producíndose 5 votos en contra, PSOE (non está o Sr.Estévez).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

- Solicitar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, un exemplar do proxecto do Carril Bici Baiona (Ramallosa) – A Guarda co fin do coñecemento das afectacións tanto en vías públicas como propiedades privadas.

7.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA O CONFLICTO ISRAEL-PALESTINA.

O Sr.Alcalde dí que o presente punto e o seguinte “ 8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA O CONFLICTO ISRAEL-PALESTINA”, deberan debatirse xuntamente.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha cuestión de orde, Sr.Alcalde: nós metemos no Rexistro o día 8 de xaneiro a Moción, e PP e CMÑ o fixeron o día 9, pero na Orde do Día aparecen do revés, primeiro está a do grupo de goberno cando tiña que ser a nosa; polo tanto pídolle que se cambie a orde.

SR.ALCALDE.- A Orde do Día a pón o Alcalde; non é cuestión de data de entrada no Rexistro. Pero non hai ningún problema, o tema é o mesmo e polo tanto deberan leerse as dúas mocións, se discuten, e logo se votarán.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu prefiro que se debata e se vote unha primeiro, e despois a outra.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.VILAR, CMÑ**, quen procede á lectura da seguinte MOCION:

“Os grupos do PP e de CMÑ no Concello de Baiona presentan o Pleno para o seu debate e aprobación si procede a seguinte

MOCIÓN

A paz é un don preciado pola que tódolos demócratas do mundo temos que loitar e facer prevalecer sempre nos nosos plantexamentos políticos como o ben mais preciado para a convivencia humana e para a relación dos pobos de diferentes culturas, xa que sin ela é imposible o entendimento e a tolerancia.

Nestes últimos días en Gaza (Palestina), agravouse o conflito que tradicionalmente enfrenta a Israel e Palestina rachando tódolos avances que nos últimos anos se conseguiran entre ámbolos dous Estados.

Queremos manifestar a nosa solidaridade co pobo de Palestina e tamén co dereito a existir do Estado de Israel.

Por iso propomos ó Pleno do Concello de Baiona para que inste ó Estado Español a apoiar a proposta de paz que se fai dende as Nacións Unidas a instancia dos gobernos de Exipto e Francia e que consiste fundamentalmente no seguinte

ACORDO



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA

(PONTEVEDRA)

1º- Que Israel e as faccións palestinas acepten un alto ó fogo que permita alcanzar unha paz duradeira así como o envío de axuda humanitaria.

2º- Que Israel e os palestinos garanticen que a violencia non se repetirá e que colaboren para facer seguras as fronteiras, acabar co lanzamento de cohetes e co contrabando de armas e abrir os pasos fronterizos entre Israel e Exipto con Palestina.

3º- Esixir o diálogo entre Al Fatah e Hamas, aliado de Irán e Siria, e que os observadores europeos vixilen para que non haxa agresións e que os pasos fronterizos atópanse abertos de xeito permanente.

4º- Que as forzas da Autoridade Nacional Palestina (ANP) impidan o tráfico de armas en territorio palestino e retomen a autoridade na franxa de Gaza.

5º- Comunicar o presente acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, o Presidente do Goberno español para que España axilice as súas xestións diplomáticas para acadar unha paz duradeira e definitiva entre Palestina e Israel.

CONTINUA.- Esta é a nosa Moción e a día de hoxe, 15 de xaneiro, pasou case unha semana, os acordos internacionais para acadar a paz se basan en todos estes puntos, en todos, incluso o único que podía variar é o de que “os observadores europeos vixilen a franxa”, pero o observador vai ser Turquía, que curiosamente é un país que xa está de feito case adscrito á Comunidade Europea, é un país islamista, lóxicamente, e nos parece correcto este tema; creemos que esta moción non ten desperdicio, nós tomamos ese acordo sensibilizados con esa guerra coa que estamos en contra, pero sabemos que o gran problema é a actitude intransixente de Hamas, que estivo constantemente cos famosos cohetes caseiros, que cada cohete ten o apoio de Siria e Irán, bombardeando Israel; e nós creemos que a actitude de Israel é a que é, teñen dereito a subsistir, e o pobo israelí é un pobo que sufríu moito durante a 2ª Guerra Mundial, ese sí foi un pobo que tivo un xenocidio, que sabemos que o que está pasando en Gaza é algo condenable, que incluso todos sabemos que Hamas se está refuxiando en sótos de hospital onde teñen a súa propia infraestrutura, en escolas, e utilizan escudos humanos, e quen está padecendo todo isto é a poboación.

Condenamos a guerra, estamos en contra, e nos gustaría que Israel non interviñera, e posiblemente dende unha óptica de esquerdas pode decirse que é desproporcionada a intervención de Israel contra Hamas, pero eu a veces recorro a un exemplo: para detener a un simple carterista a veces se movilizan efectivos da Policía, e isto tamén pode parecer desproporcionado.

Creemos que a paz é fundamental, e oxalá que deste conflito, onde desgraciadamente hai mortos, se alcance unha paz duradeira en todo Oriente. Pensamos dende o grupo de goberno que posiblemente dende a nova administración de EE.UU, se chegan a acordos especialmente con Irán, acordos onde se respeten as competencias e autonomía de cada Estado, se poida alcanzar esa paz duradeira, porque ó fin e ó cabo quen máis sofre é a poboación, que dalgún xeito está indefensa.

Dende os nosos grupos políticos estamos en contra de todas as actitudes integristas; as actitudes extremas non son boas para a paz, non é bó que nadie se inmole en nome de Alá e dalgún xeito inmole ós demais; iso non é bó para os pobos. Polo tanto presentamos esta Moción co coñecemento real dun conflito, co convencimento real de que a paz é fundamental, e nos satisface que agora España se unira a esta Proposta. Aquí se fixeron moitas manifestacións de cara á galería, levadas máis polo corazón que pola cabeza e que en absoluto conducen á resolución do conflito arabe-israelí.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Todas as vías diplomáticas van pola vía desta moción que ten unha vixencia total e absoluta unha semana despois de habéla feito nós, e naceu aquí, da reflexión do equipo de goberno, e así a elaboramos; creemos que a paz pasa porque Hamas deixe de converterse nunha organización terrorista, que pense máis no pobo palestino e que o dereito a existir, tanto dos palestinos como do Estado de Israel, se manteña; esa é a realidade que todos os demócratas do mundo debemos apoiar e ese é o contido da nosa moción que agora presentamos ó Pleno para sua aprobación; nos gustaría que Baiona apoiara unha moción destas características porque dignificaría a esta Corporación.

SR.LORES, PSOE.- Efectivamente hoxe cúmprense 20 días de conflito, de bombardeo e de barbarie na franxa, máis de 1.000 mortos é algo que debe preocuparnos a todos os cidadáns do mundo; por isto dende o grupo socialista pediríamolle, tanto ó grupo de goberno como ó BNG, que se fixera unha declaración institucional máis que dúas mocións de dous partidos; unha declaración institucional do Pleno onde se pida a paralización destes bombardeos, o alto ó fogo, e que se cumpran as normativas internacionais, penso que ahí é onde deberíamos centrarnos sen entrar en valoracións porque é que o que dí o BNG de romper as relacións diplomáticas pois é algo que incluso non pode favorecer a postura do Estado, que practicamente todos os grupos estamos a favor da paralización dos bombardeos eu creo que é algo que estamos demostrando tomando todas as iniciativas internacionais, agora está a Ministra no Libano, é dicir, estáse traballando; entón pensamos que simplemente non hai que meter máis liorta, facer unha declaración institucional dicindo que Baiona solicita o alto ó fogo, e que se cumpran todos os acordos; Manolo dirá que non, pero penso que é o máis sensato.

Unha declaración institucional a proposta dos grupos.

Eu non quero meter máis baza, pero que oPP fale agora da relación entre Hamas e Al Fatah, cando aquí en España están en contra de que se chegue a unha negociación política, ¿a qué andamos?, a paz é importante en Al Fatah, pero tamén é importante en España; ou sexa, si entramos ahí, entramos, entón abstémonos nesta discusión. E pola contra o BNG, que está a favor das negociacións cos grupos terroristas en España, agora aquí dí que non, e que aquí cambiáronse os termos.

Se hai unha postura institucional, nós apoiámola; si é unha postura de partidos nós non entramos nela.

SR.ALCALDE.- Onte o Sr.Moratinos dixo que él era ún dos artífices precisamente de que Hamas aceptara; exactamente fixo ese plantexamento.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu do único que estou seguro é de que o que había aquí dentro era H₂O, no resto das botellas xa o estou empezando a dudar.

SR.ALCALDE.- Non entendo o chiste; debera retirálo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu dixen que debían tratarse as dúas mocións por separado porque non ten cór unha coa outra; totalmente distintas. Menos mal que estamos dacordo en que non están dacordo as mocións, polo menos xa estamos dacordo en algo; a perspectiva e o enfoque é totalmente distinto; vostedes están comparando os misiles e as bombas e as forzas militares que está enviando o estado terrorista de Israel contra un pobo palestino que tira pedras contra os misiles, están vostedes pundos nun mesmo plano, e nós iso non o aceptamos.



EXCMO. CONCELLO

DE
B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- O PP e CMÑ redactaron unha moción; o BNG trae do seu partido a que lle dea, a que aprobaron noutros lados.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu dixen o mesmo. Se desgranamos punto por punto da súa Moción: “Que Israel e as faccións palestinas acepten un alto ó fogo”, home, os palestinos non queren que os maten; “que permita alcanzar unha paz duradeira así como o envío de axuda humanitaria”, están pedindo axuda humanitaria, Palestina a está pedindo, pero é Israel quen non lle deixa; non os poñan no mesmo plano; uns a queren, e os outros non lla dan. Vostedes dín: “Que Israel e as faccións palestinas acepten un alto ó fogo”, Palestina aceptou, xa llo digo eu, Israel non.

Outro punto: “Que Israel e os palestinos garanticen que a violencia non se repetirá e que colaboren..”, mire, os palestinos non son os que fan a violencia, hai un grupo terrorista, pero non son os palestinos; e que ¿acaso se lle pasou pola cabeza a algún gobernante bombardear o Estado Español porque hai etarras?. Sr.Alcalde, Hamas non é Palestina, o PSOE non é España, e estamos falando de Palestina, e se Hamas é un grupo terrorista que impera en Palestina terán que tratar de anulálo, de neutralizálo, pero miren os nenos que están tirados polo chan coas bombas que tiran os israelistas, que son uns asesinos, o fan por intereses electorais e obedecendo ós grupos de presión israelistas que operan en Estados Unidos, favorecéndose de que o Sr.Bush (outro terrorista máis) dá o seu beneplácito, outro terrorista máis o señor Bush.

Vostedes os poñen no mesmo plano e non están no mesmo plano. Polo tanto nós non estamos dacordo co que vostedes plantexan nesta moción, con este plantexamento político; nós temos outro plantexamento moi distinto, evidentemente. Se vostedes queren aprobar esta moción, fáganlo, pero nós vamos a absternos porque non estamos dacordo co fondo político que plantexan.

Por suposto que queremos a paz, para Palestina, para todos, queremos que se deixe enviar todo o material de primeira necesidade que necesitan, que lle dean de comer, de beber, xa que ó final, unha das cuestións, a franxa ocupada israelí, ocupou Gaza, ocupou os territorios palestinos, ún dos problemas importantes é a auga, e botaron ós palestinos fora e se puxeron eles no seu territorio; ese é o fondo da cuestión, ese é o inicio do conflito, aparte dos intereses económicos e políticos que hai polo medio.

SR.VILAR, CMÑ.- Que unha Corporación debata estes temas é positivo, porque poderíamos dicir que este problema é algo alleo a nós, pero os que estamos en política temos unha ideoloxía que ás veces queda plasmada neste tipo de mocións. O que sí temos claro, Sr.Fernández, e podemos coincidir, é en que Hamas é unha organización terrorista en Gaza, e posiblemente existan elementos de Hamas que están en Cisjordania que xa non pensan igual que os que están en Gaza, e os que están refuxiados en Siria; non pensan igual; e posiblemente ao que hai que derrotar, e todos os demócratas do mundo deben derrotar, é a unha organización terrorista como é Hamas, que está producindo inseguridade nun Estado como é Israel que ten dereito a subsistir; e esta intervención israelí, que pode parecer desproporcionada, á larga esperemos que si se acada a paz, porque a paz hai que alcanzala, sexa unha paz duradeira, e que se den conta que non se pode intentar eliminar a un Estado como é o de Israel, que ten dereito a subsistir; e a política terrorista de Hamas é a eliminación de estado de Israel, basándose moitas veces no integrismo islámico, no lanzamento permanente de cohetes contra Israel; ¿vostede cree que Israel ía a intervir así porque lle gusta a guerra?, Israel intervén porque ten dereito a subsistir. E nin o Sr.Bush é un terrorista, nin Obama tampouco o é, e posiblemente haxa outros temas e podemos avanzar no futuro en que hai un choque entre civilizacións, entre o que defende Irán, defende Hamas, e os valores do mundo occidental, e nos guste ou non Israel é un país democrático onde



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

hai eleccións, onde teñen subsistencia todos os partidos políticos, e posiblemente os islamistas non quepan en Israel porque sabemos que é un conflito ancestral de moitos anos e non se arregla senón hai unha paz, e non vai a gañar Israel a guerra eliminando ós palestinos senón respetándose. Esta moción vai nesa liña; se vostede a lee con espírito constructivo se dará conta que é unha moción que dignifica a esta Corporación, si se aproba así; nós traballamos nesta moción e por iso non estou dacordo co dito por Lores, nós traballamos, outros ao mellor non fixeron os deberes pero nós nos sensibilizamos con este problema.

Respecto á moción do BNG, eu respeto os seus plantexamentos, pero non os comparto, e creo que está vostede equivocado Sr.Fernández, e no momento que vostede admitiu aquí neste Pleno que Hamas é unha organización terrorista vostede lle tiña que decir ós dirixente do Bloque que lle deron esta moción “aquí non me vir con estes rolos porque ésta non é a realidade política do conflito arabe-israelí”.

Penso que é bo debatir estes temas no Pleno porque nos posiciona ideolóxicamente, nos fai coller convencimento de que as veces dende as Corporacións tamén podemos tomar nota e esixir ós nosos gobernantes que non xoguen á ambigüedad, xa que algunhas veces dín cousas nun mitin e despois mandan ós representantes políticos a facer outras.

O noso traballo está feito e vamos a defender a nosa Moción co convencimento de que non se pode cambiar ningún punto nin ningunha coma, hoxe en día esta moción está vixente e é a única solución ó conflito.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da devandita Moción, resultando aprobada por 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 7 abstencións (5,PSOE, e 2,BNG).

Polo que o Pleno, por maioría, ACORDA:

1º- Que Israel e as faccións palestinas acepten un alto ó fogo que permita alcanzar unha paz duradeira así como o envío de axuda humanitaria.

2º- Que Israel e os palestinos garanticen que a violencia non se repetirá e que colaboren para facer seguras as fronteiras, acabar co lanzamento de cohetes e co contrabando de armas e abrir os pasos fronterizos entre Israel e Exipto con Palestina.

3º- Esixir o diálogo entre Al Fatah e Hamas, aliado de Irán e Siria, e que os observadores europeos vixilen para que non haxa agresións e que os pasos fronterizos atópanse abertos de xeito permanente.

4º- Que as forzas da Autoridade Nacional Palestina (ANP) impidan o tráfico de armas en territorio palestino e retomen a autoridade na franxa de Gaza.

5º- Comunicar o presente acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, o Presidente do Goberno español para que España axilice as súas xestións diplomáticas para acadar unha paz duradeira e definitiva entre Palestina e Israel.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA O CONFLICTO ISRAEL-PALESTINA.

○ **SR.FERNANDEZ** procede á lectura da seguinte **MOCION**:



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

“O grupo municipal do BNG no Concello de Baiona presenta ó Pleno a seguinte moción para o seu debate e aprobación se procede.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Nos últimos días o exército de Israel ten bombardeado e invadida a franxa de Gaza, en Palestina, provocando centos de vítimas, maioritariamente nenos, nenas e mulleres, sen contar os centos de feridos e feridas de carácter grave.

Este ataque é un crime de guerra que aparece como colofón de máis dun ano de bloqueo do Estado de Israel contra o pobo de Gaza, que xa provocara unha grave crise humanitaria, e as súas vítimas súmanse aos máis de 5.000 palestinos mortos desde setembro do ano 2000, en que empezou a rebelión contra o Estado israelí na coñecida como Segunda Intifada, e onde tamén morreron máis de 900 nenos e nenas.

Queremos manifestar a nosa solidariedade co pobo de Palestina, facer un chamamento a que se deteña inmediatamente a agresión contra Gaza, instando ao Estado español e comunidade internacional a condenar os ataques, impondo ao Estado de Israel condenas diplomáticas e comerciais, e consecuentemente adoptar polo Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- 1. Rexeitar os bombardeos e invasión levados a cabo polo exército de Israel, que evidencian o colofón da blocaxe perpetrada polo Estado israelí contro o pobo de Gaza, en Palestina, constituíndo un crime de guerra.**
- 2. Transmitir a solidariedade e apoio á representación do pobo de Palestina en Galiza.**
- 3. Remitir cadanseu escrito de condena ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno español, Ministerio de Asuntos Exteriores e Embaixada de Israel, coa petición de que o Estado español suspenda as relacións diplomáticas e económicas co Estado de Israel até que non se poña fin á agresión militar, invasión e blocaxe que está a perpetrar na franxa de Gaza, en Palestina.**
- 4. Solicitar, así mesmo, que o Estado español inste oficialmente ao cumprimento das reiteradas resolucións da ONU relativas á retirada do Estado de Israel dos territorios ocupados; ao tempo que se demanda, no marco das Nacións Unidas, o envío inmediato dunha misión de observación e interposición co fin de garantir a fin da blocaxe e da agresión militar.”**

SR.RODAL, PP.- Pedimos a retirada de esta moción del Orden del Día porque entendemos que ya se expuso antes el tema suficientemente.

SR.LORES, PSOE.- Decir o mesmo que da anterior Moción; entendemos que este é un conflito o suficientemente serio como para que todos os grupos poñamos algo da nosa parte; nós o único que podemos dicir aquí é por en valor a labor que está facendo nestos momentos o Goberno de España tratando de solucionar os problemas concretos, enviando alá os embaixadores como o están facendo, e xa postos no debate político botamos en falta que outros líderes a nivel de Estado se pronuncien, Sr.Vilar; non queríamos entrar neste debate porque entendemos que 20 días de



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA

(PONTEVEDRA)

bombardeo indiscriminado, tantas mortes, tantos anos de conflito, necesitan un pouco de sosiego e que as institucións internacionais interveñan pero dunha forma clara e non sempre condicionadas por distintos aspectos. Vamonos abster neste debate senón hai unha declaración institucional que nós apoiáramos, como dixen antes, independentemente do que di o Sr.Vilar dos traballos feitos e esas cousas, non sei se o traballo é escribir dous folios ou chegar aquí a un acordo; nós seguramente temos un punto de vista distinto sobre o que é o traballo. Para rematar dicir que nós, ó non haber ningunha declaración institucional, imonos abster.

SR.VILAR, CMÑ.- Quero decirlle ó Sr.Lores que a veces resumir ideas nun folio, sintetizar, nunha palabra, é máis difícil que escribir folios e folios para dicir catro cousas ou non dicir nada; polo tanto, xa que é profesor, espero que respete os traballos de síntesis, que requiren un gran traballo e un gran esforzo.

Esta Moción demostra o gran despiste que ten o BNG con relación ó conflito arabe-israelí, un despiste descomunal, e que non é o que pensan a maioría dos galegos; non podemos aprobar esta Moción dunha organización política como é o BNG, que cando existen militantes pro-israelís o que fai é expulsálos da súa formación, como xa se deu o caso. O BNG é un partido que neste momento, ideolóxicamente, está máis cerca de Hamas, que é unha organización terrorista, que non cerca do Estado de Israel, e polo tanto está cunhas contradicións totales e absolutas, por iso presentou unha Moción e saíu o Sr.Fernández na prensa porque pensaba que así facía publicidade, que facía méritos ante o seu partido, e aquí nos atopamos con que o Bloque expulsa a D.Pedro Gomez Valadés da súa organización por ser pro-israelí. Non se pode presentar esta Moción nun Concello como o noso, cunha ampla experiencia en relacións internacionais, porque "ollo": Baiona non é Allariz, nin é Porriño; nós temos relacións internacionais a nivel político, tablas que nos deu o Descubrimento de América, e o Sr.Fernández en moitas ocasións defendeu e presumiu délo; non poden vir aquí con esta moción, independentemente que me parece apropiado o que pide o portavoz do PP de retirála, é unha moción para votarlle en contra porque non podemos defender a unha organización terrorista como é Hamas que é a que lle está facendo dano ó pobo de Palestina. Apoiamos a proposta de retirar esta Moción.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada da Moción do BNG, a petición do grupo de goberno, resultando aprobada dita retirada por 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 7 votos en contra (5,PSOE, e 2,BNG).

Polo que o Pleno, por maioría, ACORDA a retirada da Moción presentada polo BNG.

EXPLICACION DE VOTO.- SR.LORES, PSOE.- Non nos parece ben introducir a súa Moción, Sr.Alcalde, discutíla, e non permitir que o faga outro grupo; creemos que deberíamos debatir as dúas; isto parécenos incluso antedemocrático.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Cando se fan as cousas por algo se fan, e por iso nós pedíamos inicialmente a cuestión de orde, Sr.Alcalde, que vostede alterou metendo a súa Moción despois de haber metido nós a nosa, e ademais lle deu pé ó Sr.Vilar para que en 24 horas poidera



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

redactar unha ó seu estilo (por iso a defendeu como o fixo), lle vai máis o seu corazón que a sua cabeza, él quería votar a nosa e vostede non lle deixa, e debera de facélo.

Sr.Vilar, Hamas é unha mestura entre a relixión e a política e iso fai un coctel perigosísimo; a mesma mestura que fixeron os seus amigos os Reis Católicos coa Inquisición, exactamente a mesma: cambia o paisano pero o fondo da cuestión é o mesmo, é o poder a través da relixión, e se chega a un coctel tan perigoso que empeza a aparecer xente para inmolarse por todos os lados; e o que está pasando en Israel e na franxa de Gaza é crear odio e máis terror para moitos anos; é un caldo de cultivo que están xerando esas actuacións israelís para moitos anos; os que hoxe son bebés e se libren da morte serán no futuro os que se van a inmolar, senón ó tempo, non é unha predicción, é algo que ven sendo así dende fai moito tempo.

Polo tanto nos parece moi mal Sr.Alcalde, que vostede utilice o rodillo unha vez máis para estrangular o traballo da oposición, non estamos dacordo con estas mañas; voten vostedes a favor, voten en contra ou abstéñanse, pero dean a cara.

SR.ALCALDE.- Simplemente decir que está claro que todos estamos en contra da guerra, da morte de xente inocente; e a pena, dende miña parte como Alcalde, é que non poideramos facer un único grito, un grito unánime, creo que sería algo moi importante.

9.-MOCIONS.

-MOCION DE URXENCIA DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

“Tal e como todos poden saber, no pasado mes de outubro comenzou a galaescola de Baiona a dar os seus primeiros pasos, cun servizo e unha atención excepcional, según podemos saber por parte dos pais e nais dos rapaces que alí están. Pero así e todo, existen unha serie de deficiencias que é preciso solucionar á maior brevidade.

Xa neste Pleno o BNG ten denunciado en máis dunha ocasión que a localización do edificio onde hoxe se atopa a galaescola non era lugar axeitado dende o noso punto de vista, cuestión que se cabe colle maior forza en días como hoxe; días nos que tanto o vento como a choiva son os protagonistas. Fan que o mero feito de ter que levar os nenos e nenas á galaescola se convirta case que nunha misión imposible e moitos pais e nais decidan en días como hoxe non levar e deixar na casa ós seus fillos.

Cuestións como unha dobre porta para o acceso á galaescola e a creación de mamparas que non causen un gran impacto visual pero poidan frenar os efectos do vento e da choiva no acceso a esta infraestrutura municipal, son cuestións que entendemos urxentes como para poñélas ao Pleno da Corporación para adoptar o seguinte acordo:

1º.- Realización, por parte do Concello, das obras de implantación dunha segunda porta de entrada na galaescola, así como elementos que poidan impedir os efectos da choiva e o vento no acceso á mesma.

2º.- Estudiar a posibilidade de inclusión destas obras dentro dos proxectos a realizar con cargo ó fondo estatal de inversión local para garantir deste xeito unha rápida execución das mesmas.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- Creemos que está xustificada a urxencia porque os elementos atmosféricos están causando graves problemas de accesibilidade a esta infraestrutura municipal.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urxencia da Moción do BNG, resultando: 7 votos a favor (5,PSOE, e 2,BNG), fronte a 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a Urxencia.

EXPLICACION DE VOTO.- SR.ALCALDE: Sr.Fernández, que o señor Roberto teña problemas para levar os fillos á galaescola, me parece ben; inmediatamente me vou a pór en contacto con quen ten que ser; isto vai a ser valorado polo Consorcio que é quen está agora mesmo levando o servizo. O Concello de Baiona implantou o local onde está porque foi unha decisión, naquel momento, do PSOE e do BNG. Segundo, este grupo de goberno sí aprobou un proxecto, que aprobou a súa vez o Consorcio, con estas características. Terceiro: calquer obra que haxa que facer alí a ten que facer, con autorización, o Consorcio. Vostede que estivo na reunión do Fondo Operativo Local o outro día, pudo haber dito algo nese momento e eu lle explicaría isto que agora estou explicando, pero non o fixo porque non o tiña preparado ou non sabe en que consiste a galaescola; pero a galaescola neste momento a está levando o Consorcio, e ten que aprobar obras e despois financiálas, tamén. Eu voulle a transmitir ó Consorcio estes problemas e algún outro que poida haber; pero non é o Concello quen ten nin que aprobar a obra, nin financiála; ten que facelo dentro do Consorcio, dentro da representación do Consorcio.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non vou a entrar no debate no que acaba de meterme vostede porque non me deu oportunidade para entrar no debate; o que sí lle pediría é que cando faga o BNG unha Moción se ciña vostede ós feitos e non involucre a nadie que non se pode defender. O BNG somos os máis demócratas do mundo, pero cando se respetan as normas; lle podo asegurar que non está o meu alcance que isto se poida desenrolar dunha maneira democrática.

10.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS do SR.VILAR, CMÑ: Se acaba de producir neste Pleno un feito gravísimo, produto posiblemente da calentura de alguén que non está aquí nesta mesa; estamos no debate político e aquí moitísimas veces escoitamos nomeamentos ou alusións personais.

SR.ALCALDE.- Pido disculpas, cometín o erro de decir o nome dunha persoa; quero pedir esas disculpas; é a primeira vez que o fago e son consciente de que cometín un erro.

SR.VILAR, CMÑ.- Sr.Presidente, para mín esa alusión de nomear vostede a alguén non é un erro, vostede nomeou a unha persoa e posiblemente é verdade que o señor Roberto teña que levar alí ós seus fillos e que padezca as inclemencias que citou Xose Enrique; consecuencias de estar na política. O que é inadmisibile é que este señor amenazara con darlle dúas hostias ó



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Alcalde, iso é gravísimo, e polo tanto lle esixo ó portavoz do BNG que pida disculpas. Vostede ten que pedir disculpas polo feito de cunha persoa estreitamente vinculada ó BNG, nun debate plenario, amenazara con dar dúas hostias ó Alcalde; isto nunca o mirei eu nun Pleno.

SR.ALCALDE.- Se acabou a discusión; o Alcalde emprenderá as accións que teña que tomar.

- PREGUNTAS DO PSOE.-

SR.LORES: Preguntarlle ó goberno si é consciente do deterioro que se está producindo na calidade do servizo das escolas municipais dende a privatización dos monitores; parece que hai grandes problemas cos seus salarios e isto está repercutindo negativamente no servizo.

- PREGUNTAS DO BNG.-

SR.FERNANDEZ: Sr.Alcalde ¿ten coñecemento da situación actual da parcela que se adjudicou a MARVIL, en qué condicións se atopa esa licenza, si está caducada, ou se van a empezar as obras?, ¿en qué situación se atopa?.

RESPOSTA.- Se contestará no próximo Pleno.

SR.FERNANDEZ: Quixera aproveitar a ocasión para felicitar á Concelleira de Cultura pola decisión que tomou de dirixir a Festa da Arribada por ela mesma e, como diría o Sr.Vilar “prescindindo dos talibans do PP”; ese é o calificativo que utiliza o Sr.Vilar cos compañeiros nosos do BNG. Polo tanto, felicidades, benvida ó clube.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.